



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO  
CONCELLO DE VIVEIRO O DÍA DEZANOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL SEIS**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Melchor Roel Rivas

**Concelleiros:**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luís Docampo Fortes, D. Rafael Luís Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D<sup>a</sup>. María Rebeca Fernández Martínez, D<sup>a</sup> Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D<sup>a</sup> Marta Pérez Lage, D<sup>a</sup>. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

**Secretario Accidental:**

D. José Eugenio Vivero Russo

**Interventor:**

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de xaneiro de dous mil seis, baixo a Presidencia do señor alcalde, don Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos señores concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario accidental don José Eugenio Vivero Russo, lévase a cabo a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo señor alcalde, declárase aberto.

**TESTEMUÑA EN HONRA AO EX CONCELLEIRO DO NOSO CONCELLO DON  
ANTONIO VISPO SANJURJO**

Comeza a sesión deste Pleno cunha intervención do señor alcalde, don Melchor Roel Rivas, lembrando ao que fora Concelleiro do Concello de Viveiro en anteriores legislaturas, don Antonio Vispo Sanjurjo, que finou na mañanciña do día dezasete de xaneiro de dous mil seis, comentando que, ademáis de prestar os seus servizos ao noso Concello, era unha persoa moi apreciada por todos os que a coñecían.

O señor alcalde roga que a Corporación e todo público asistente se poña en pé, co ánimo de ofrecer un minuto de silencio para lembrar a súa persoa e o seu traballo pola nosa cidade e polo noso Concello.

E en proba da súa petición, todos os asistentes pónense en pé para gardar un minuto de silencio na honra do que fora Concelleiro de Viveiro, don Antonio Vispo Sarjurjo. Rematado este acto, prodúcese un forte e emotivo aplauso dos asistentes en homenaxe á súa persoa.



**1. MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA DOS ESPAZOS PÚBLICOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO, SUBSCRITO COA EMPRESA INUSA INGENIERÍA URBANA S.A. (AGORA CESPAS, S.A.)**

Comenza o estudo deste primeiro apartado coa Intervención do señor alcalde, para indicar que este mesmo asunto foi tratado na sesión do Pleno do día 30 de decembro de 2005, quedando pendente de votación ao faltar os informes da Secretaría e da Intervención Municipal. Indica que no expediente deste Pleno xa figuran incluídos os devanditos informes.

A seguir, o señor alcalde cede a palabra ao Partido Popular.

En representación deste grupo, intervén o seu voceiro, don César Aja Mariño, incidindo sobre os seguintes aspectos que se trasciben de forma literal:

*“Por cuarta vez en menos de un año y, tras el fallido intento del día 12 del presente mes, trae usted este mismo punto al Pleno; un punto que en la práctica ya ha sido ejecutado y, por tanto, quiere hacernos partícipes a los demás de algo que usted hizo por sí y ante sí. Ni siquiera se ha molestado a firmar un Decreto para que posteriormente fuese refrendado por el Pleno, sino que pretende que se le apoye en algo a todas luces ilegal, que ni siquiera ha tenido la delicadeza de comunicar en su día, haciendo gala del “talante” del que presume.*

*Lo que se trae a este Pleno es una propuesta de la empresa, modificando ciertos aspectos de la concesión de la recogida de RSU y limpieza viaria, pero es que esta propuesta, no nace por generación espontánea: es de suponer que ha sido a sugerencia suya y, por ende, es una propuesta que está redactado desde enero de 2005 por la empresa concesionaria. ¡Fíjese si no ha existido tiempo para negociar, estudiar, informar y tratar esta propuesta!. Pero no, se trae una y otra vez este punto sin informes, sin estudios y, sin nada de nada. Pero aún, por encima, se convoca una comisión para tratar este mismo punto en el día de hoy, totalmente fuera de plazo. Por tanto, se ha convocado un Pleno con un punto que no ha sido dictaminado, estamos debatiendo pues un punto que no se ajusta a la legalidad por defecto de forma y, lo que es peor, de fondo.*

*En el Pleno de 4 de abril de 2005, en el punto 4º, se trata por primera vez este tema, sorprendentemente, con una propuesta que figura como de la Alcaldía, cuando en realidad, es de la empresa. Esta propuesta queda sobre la mesa, según informe de intervención que, en uno de los párrafos, dice: “El que informa, en su calidad de Interventor Accidental, considera que las operaciones y cálculos contables y presupuestarios para asumir esta modificación trascienden por su complejidad meras funciones de sustitución del Interventor Titular, por lo que éste al elaborar el presupuesto del corriente, junto al grupo de gobierno, es el que tendrá que realizarlo”.*

*Y nosotros nos preguntamos: ¿Es que se han realizado a día de hoy las complejas operaciones contables o se han aprobado los presupuestos?. Como realmente no se hicieron ninguna de ambas cosas, ¿que han cambiado desde el día 4 de abril de 2005 a hoy?. Evidentemente, nada. Por tanto, sino no ha cambiado nada, es evidente que este asunto, o se rechaza, o queda sobre la mesa, ya que los informes que hoy se traen al Pleno inciden precisamente en la falta de esos estudios.*



*Pasamos al Pleno del 1 de agosto de 2005, punto 2ª: “Polo señor Alcalde-Presidente, maniféstase que, de conformidade có dictame emitido pola Comisión de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día vintenove de xullo de 2005, vaise tratar de facultarlle para negociar coa empresa INUSA a modificación do contrato de concesión de recollida de lixo e limpeza viaria, polo que, unha vez negociado o asunto, tratarase nunha sesión do Pleno a propia modificación”. ¿Qué se ha negociado?; ¿cuándo se ha negociado?; ¿con quién se ha negociado?; ¿qué propuestas alternativas se han presentado a la de INUSA?; ¿quién ha realizado los estudios económicos, de dentro o de fuera del Ayuntamiento, para plantear otras alternativas?. Estas dudas o preguntas no tienen respuesta y... ¿sabe porque?: porque todo estaba negociado a espaldas, no sólo de la oposición, sino también de sus socios de gobierno. Y estaba todo negociado porque según reconoce usted mismo y Secretaría, el día 1 de julio de 2005, se ha producido la modificación contractual con INUSA... ¿a que viene ahora traerla a un Pleno, si ya está ejecutado el acuerdo?.*

*¿Qué documento ha firmado usted con la empresa INUSA antes del 1 de julio y con qué representante?. Evidentemente ninguno.*

*¿Qué documento ha firmado usted a día de hoy, con el representante legal de la empresa INUSA, que permita la modificación contractual que ya se ha realizado?. Evidentemente ninguno. Sin embargo, tal y como se reconoce en el escrito de don Francisco Javier Gallego Useros, en la práctica, la modificación contractual se viene ejerciendo desde el uno de julio, tal y como se explicita en la solicitud, no convenio ni contrato, registrada el 28 de diciembre de 2005, siendo el escrito de fecha 23 de diciembre de 2005; escrito que, por otra parte, relaciona una serie de servicios a realizar a partir del día uno de julio, que no se han realizado.*

**PERO PASEMOS A ANALIZAR SOMERAMENTE LA PROPUESTA DE INUSA DE ENERO DE 2005:**

a) *En el cuadro de costes de personal 2004, señala los siguientes extremos:*

- *1 encargado.*
- *6 conductores.*
- *12,58 peones.*

*En total 19,58 trabajadores, con un coste total de 264.514,47 €, no especificando quienes esos trabajadores, es decir, cuantos dependen del Ayuntamiento y cuantos de la empresa.*

b) *En el punto dos: APORTACIÓN DEL AYUNTAMIENTO AL CONVENIO*

*Aparece una aportación de 30.000 €, no sabemos en base a qué y porqué se desglosa en 20.766,89 como bruto, y 7.270,49 € como SS, en base a 19 empleados. ¿En que convenio se explica este extremo y en base a qué?. Le ruego al señor interventor que nos lo explique e informe sobre la legalidad de este extremo.*



c) *En el punto 3º: OFERTA BASE INICIAL ADJUDICADA EN 2001.*

*La oferta base es de 507.695,36 €, beneficio industrial e IVA incluidos; IVA que se aplica a toda la oferta, deduciendo el personal municipal como es lógico, por ser sus salarios abonados directamente por el Ayuntamiento. Por tanto, el personal municipal supone en el momento de la oferta 247.765 € (41.224.627 ptas), cantidad que el Ayuntamiento ha de asumir como mayores costes al dedicar este personal a otras actividades distintas a las que se realizaban en el momento de la adjudicación.*

d) *En PARTIDAS A ELIMINAR DE LA OFERTA BASE*

*Se eliminan: recogida de muebles y enseres, recogida de poda, limpieza y desbroce de hierbas en aceras y calzadas y deducción del IVA del personal del Ayuntamiento, dando una cantidad resultante por la cual se realizan todas estas tareas de 2.211,95 €. ¿Considera alguien de los aquí presentes, que se pueden realizar estas tareas por algo más de 2.200 €?. Yo creo que no. ¿Ha informado el señor interventor sobre este extremo?. No.*

*Por otra parte, el IVA que correspondería al personal municipal sería de 17.343,35 €, es decir, 2.885.723 pesetas, cantidad que antes de este hipotético convenio no se pagaba por los motivos que expuse anteriormente. Por tanto, es un coste a mayores para el Ayuntamiento. ¿Ha informado Intervención sobre este extremo?. NO.*

e) *En el punto 5º AMPLIACIONES A LA OFERTA BASE INICIAL ADJUDICADA EN 2001.*

*La oferta a mayores contempla la recogida de RSU domingos y festivos sin especificar donde, vaciado de camiones y refuerzos de barrido mecánico manual, así como baldeo mecánico de aceras por un importe de 47.997,33 €, cantidad bastante diferente a la partida anterior de 2.211,95 €. ¿Existe algún informe sobre este extremo?. TAMPOCO.*

f) *OFERTA RESULTANTE A PRECIOS DE 2004*

*Se propone la oferta del 2.005 por una cantidad total de 514.529,16 €, con una repercusión del IVA de 33.660,79 €, mientras en la oferta del 2.001 era de 17.004,79 €, oferta que carece de informe concreto y que difiere sustancialmente de la inicial.*

*Pero es que, además, en la documentación que se nos aporta, aparecen también otras contradicciones, puesto que, por un lado, tenemos un posible documento sin firmar, y sin conocer quien representa a INUSA. “Anexo ó contrato suscrito entre o Concello de Viveiro e a empresa Inusa, para o cumprimento da estipulación sétima”, mediante el cual la empresa dejaría de construir la nave y pagaría al Ayuntamiento el importe de su construcción (Escrito fechado el quince de marzo de 2004).*



*Por otro lado, en el escrito que remite el representante de INUSA, de fecha 23 de diciembre de 2005, se dice que la empresa se compromete a iniciar la construcción de la nave en el 2006. Señor Alcalde ... ¿a qué jugamos?... ¿con cual de ambos escritos nos quedamos?.*

*Por otra parte, en el Pleno del día 1 de agosto de 2004, en palabras del señor Alcalde, se dice que la empresa, con esta modificación contractual, ahorra 10.000 € por trabajador, por lo que, si en enero de 2005 había 11 trabajadores municipales, esto supondría un ahorro para la empresa de 100.000 € anuales, es decir, más de 18 millones de pesetas, que en los diez años que quedan de concesión, suponen unos 180 millones de pesetas, es decir, 1.100.000 €. Ello, en el hipotético caso de mantenerse los 11 trabajadores municipales.*

*Además, se da la paradoja que en las facturaciones de la empresa INUSA al Ayuntamiento encontramos las siguientes curiosidades:*

***Junta de Gobierno de fecha 22 de marzo de 2004, facturación 4º trimestre de 2003.***

*Facturación sin P. Municipal*

	<i>128.470,78 €</i>	<i>513.883,12 €</i>
	<i>trimestral</i>	<i>anual</i>
<i>Facturación sin partida Municipal</i>	<i>70.571,04 €</i>	<i>282.284,16 €</i>
<i>Diferencia salario PM</i>	<i>57.899,74 €</i>	<i>231.598,96 €</i>

***Junta de Gobierno, de fecha 12 de mayo de 2004, facturación primer trimestre 2004.***

<i>Facturación trimestral total</i>	<i>128.470,78 €</i>
<i>Facturación sin partida municipal</i>	<i>70.571,04 €</i>

***Junta de Gobierno, de 24 de agosto de 2004, factura segundo trimestre de 2004***

<i>Facturación trimestral total</i>	<i>128.615,00 €</i>
<i>Facturación sin partida municipal</i>	<i>72.783,00 €</i>

***Junta de Gobierno de 13 de diciembre de 2004, facturación tercer trimestre de 2004.***

<i>Facturación trimestral</i>	<i>129.031,15 €, es decir, 516.124,60 €.</i>
-------------------------------	--

*Eliminándose en esta facturación el descuento que debe aplicarse al personal municipal (PM).*

*¿A qué se debió esta modificación?*



*En la Junta de Gobierno de 15 de marzo de 2005, se factura el cuarto trimestre de 2004, por un importe de 128.854,02 €, no contemplándose al P.M.*

*En la Junta de Gobierno de 2 de mayo de 2005, se aprueba la facturación del primer trimestre de 2005, por un importe de 130.075,35 €, es decir, 520.301,4 €.*

*Y, por último, en la Junta de Gobierno de 26 de septiembre de 2005, se factura el segundo trimestre de 2005, por un importe de 129.744,10 €.*

*Ello quiere decir, que desde el tercer trimestre de 2004 se ha cambiado la facturación variando los precios, sin que se hubiese aprobado ningún tipo de modificación: ¿quien autorizó dichas modificaciones?."*

Prodúcese, a continuación, a intervención do señor alcalde, para dar contestación ao voceiro do Partido Popular, precisando o que seguidamente se transcribe tamén de forma literal:

- 1. "Todos os datos dímosllos nosoutros a todos os grupos municipais na primeira comisión na que se emitiu o dictame. Son esos datos. O portavoz do Partido Popular, dando lee esos datos, olvídase de que son teóricos, porque xa non había o mesmo número de traballadores do Concello que cando se asinou o acordo, co que, as cuantías están sobredimensionadas a once traballadores, dous dos cales xa foran substituídos por xubilación.*
- 2. Díse que desde o día 1 de abril de 2005 non cambiou nada. E si que variou, e moito, e deuse coñecemento delo: os traballadores que estaban en réxime de prestamismo laboral para unha empresa para a cal non estaban dados de alta na Seguridade Social, da cal non cobraban, nin pola cal se rexían ... esos traballadores, un a un, solicitaron ao goberno municipal traballar para a empresa da que foran contratados desde o día 1 de xullo de 2005.*
- 3. Nesta xestión, tívose moi presente o informe do anterior Interventor Municipal, donde daba conta da posible vulneración da lexislación laboral de persoas que foran contratadas polo Concello de Viveiro, que teóricamente traballaban para o Concello de Viveiro, e que andaban conducindo camións para os que non estaban habilitados... tampouco habilitados estaban, que vostede tivo que obviar algunha carta da Garda Civil de Tráfico nas que os multaban, xa que para poder andar con eses camións tiñan que estar incluídos no TC2 da empresa concesionaria.*
- 4. Desde o día 1 de xullo de 2005 todos eses traballadores, en cumprimento da legalidade, revertiron ao Concello e, unha vez nel, creouse a Brigada Verde, dotando a este servizo dunhas novas funcións.*
- 5. Nada se fixo a espaldas de nadie. Todos os datos démosllos a todos os grupos políticos. Cando estaba o anterior Interventor non se emitiu o informe correspondente, porque estaba desempeñando as súas funcións con carácter accidental.*



6. *Houbo un cambio sustancial nesas traballadores, motivado polo ordeamento legal e pola súa propia solicitude.*
7. **Tema dos 10.000 €.**
  - *A grande xestión de recursos humanos consistía en que si un señor estaba recollendo a basura nun camiión, cobraba un total de 23.000 € ao ano si era persoal do Concello, e 13.000 € ao ano, non sendo personal do Concello e facendo o mesmo traballo.*
  - *Todo eso díxose donde se ten que decir: nas correspondentes Comisións Informativas, e existe toda a documentación desa diferenza salarial, desde a primeira reunión. O Concello, unha vez cuantificados os cartos que costaban os servizos que había que facer, ía deixar 30.000 € dese montante para acercar a uns salarios, que non só eran uns salarios moi pobres, senón que estaban a 10.000 € de distancia da mesma persona que faía o mesmo traballo.*
8. *Nas fotocopias que se entregaron desde o primeiro día non só se indicaba eso, senón tamén o custe do Plan de Pensións de cada un dos traballadores, etc. Todos os datos mostráronse con total claridade.*
9. *Tivemos un vacío moi importante desde que cesou o anterior Interventor Municipal, don Fernando Martínez de Arriba.*
10. *Desde que no Pleno de agosto se faculta ao alcalde para este asunto, todas as negociacións que se fixeron entregáronse para coñecemento de todos os grupos políticos. Na primeira das Comisións de Facenda, na que se tratou este asunto, están todos os datos e foi onde se aprobou coa abstención do Partido Popular.”*

Continúa o señor alcalde sinalando que “o anterior alcalde, por 750.000 pesetas anuais, pretendía que se realizase o desbroce de todo o Concello”. Fala tamén das discrepancias existentes polo feito da construción da nave, “xa que no artigo 7 do contrato regulador, refírese á construción dunha nave, pero non se reflicte en ningún modo o período de tempo que ten a empresa para a súa construción, polo que podería tardar cerca dos quince anos de duración da concesión, con tal de executala un mes antes do prazo”. Así mesmo, sinala que o feito de non construír a empresa a nave, levou ao anterior equipo de goberno (“sen ningún tipo de xustificación”) a ceder unhas instalacións gratuítas á empresa concesionaria, polas que as arcas municipais tiñan que afrontar un custo de 150.000 pesetas mensuais. “Deixáronse gratis as instalacións, a quen tiña a obriga de investir 20.000.000 de pesetas para facer as súas”.

Finalmente o señor alcalde advirte que cada vez que haxa una modificación nos servizos, procederase a unha modificación do contrato, e repite que neste asunto, nin ningún outro, houbo ocultismo entre o equipo de goberno.

O señor alcalde cede a palabra ao voceiro do BNG.



Don Francisco Rodríguez Guerreiro, recorda a súa intervención na anterior sesión plenaria, correspondente ao día 30 de decembro de 2005, indicando que xa falou moi amplamente sobre este asunto e que aquí non se trata de volver a repetir o mesmo. Ademais do indicado naquela sesión, apunta:

1. Que non consinte que se diga por parte do Partido Popular que se está a negociar a espaldas dos socios do equipo de goberno, indicando que *“sempre tivemos os documentos enriba da mesa, á vista da Corporación e a vista de todos os veciños e que este tema xa ven tratándose desde fai tempo nas correspondentes Comisións Informativas de Facenda e máis no Pleno.”*
2. Sinala que *“o que está claro e que estamos diande dunha proposta que lle corresponde ao Pleno de tomar a decisión, tendo en conta todas as salvedades que fai a Secretaría no seu informe, que son moi correctas e das que estou totalmente de acordo para que se leven con todo o rigor”*.
3. Entende que o informe do Interventor debería ser máis técnico, que permitira valorar unha serie de cuestións, pero que o seu texto non permite facer un estudo para valorar este asunto, polo que é necesario completalo con datos que se poden obter no Departamento de Intervención.
4. Advirte que no Departamento de Intervención obran todos os datos económicos relativos a este asunto. Entende que é interesante para o Concello proceder á modificación do contrato, con todas as salvedades que poidan facer a Secretaría e a Intervención municipal.
5. Sinala que lle gustaría que este servizo non chegara a privatizarse, e que non se transferisen traballadores municipais para unha empresa privada. Indica tamén que poderíase rescindir o contrato coa empresa e recuperar este servizo, *“pero sei que non é correcto desde unha posición de goberno responsabel: sei que hoxe teño que arar cos bois que teño.”*
6. Sinala que segundo os datos que el posúe, esta modificación de contrato é importante para o Concello. Indica que si a Secretaría e a Intervención Municipal advertisen ao seu grupo dunha ilegalidade na modificación do contrato, non procederían a facelo, pero insiste en que o seu Grupo non ten esa advertencia.
7. Volve advertir que non se pode falar por parte do Grupo Popular de ocultamento de datos por unha parte do equipo de goberno. Advirte que *“iso é totalmente falso”*.

Neste momento solicita a palabra o voceiro do Partido Popular, sendo denegada a petición polo señor alcalde, xustificándose en que debe seguirse a orde de intervención dos diferentes Grupos Políticos.

O alcalde cede a palabra ao voceiro de Esquerda Unida.



Don Orlando Expósito Mariño incide nos seguintes aspectos:

1. Desexaría que o equipo de goberno tivese vontade para rescatar, ou intentar rescatar, os servizos que temos privatizados. Indica que ese aspecto é o que vota de menos no equipo de goberno e que ese é o motivo que lle vai a levar a non votar a favor neste asunto.
2. Indica que él falaba da apertura dun expediente á empresa concesionaria, simplemente polo incumprimento que se estaba prestando no servizo aos usuarios de Viveiro, xa que o Concello estaba sucio. Advirte que *“eu non vin esa vontade no equipo de goberno. Eso non se fixo”*
3. Indica que hai aspectos que valora de forma moi positiva nesta xestión, e que xa fixera referencia a eles na sesión plenaria de 30 de decembro de 2005:
  - *“Viveiro antes estaba sucio e agora está limpo.*
  - *A recuperación do persoal do Concello que prestaba os seus servizos en INUSA (agora CESPA). Non se podía entender que traballasen para outra empresa e, aínda peor, que traballasen incluso para outros Concellos limítrofes.”*
4. Dirixíndose ao voceiro do Partido Popular, indica que o anterior Interventor Municipal, don Fernando Martínez de Arriba, xa advertira da ilegalidade de que o persoal do Concello prestara os seus servizos nunha empresa privada.
5. Advirte que non votará a favor deste asunto porque non ve interese no equipo de goberno para recuperar para o Concello esta xestión. Móstrase en contra da privatización do servizo.

O alcalde cede a palabra ao Partido Popular.

Intervén o voceiro deste Grupo, don César Aja Mariño, fixándose nos seguintes extremos:

1. Dirixíndose ao voceiro de EU, indica que o anterior Interventor Municipal pudo facer unha advertencia de ilegalidade na transferencia dos traballadores do Concello para a empresa INUSA, aínda que incide que, segundo os seus coñecementos, nunha advertiu esa ilegalidade. Ademais, sinala que curiosamente na etapa deste equipo de goberno, existe un traballador do Concello que transfiriuse a Aquagest para a revisión de recibos: *“do que se facía antes chámase ilegalidade, e do que se fai agora legalidade”*.
2. Dirixíndose agora ao voceiro do BNG, indica que non falou para nada de oscurantismo. Dí que *“o que quero dicir é, porque razón e por que motivo, este tema que estamos tratando agora non se tratou no seu momento, antes da modificación orzamentaria que se está facendo agora, sen haber un acordo plenario previo”*. Advirte que *“non estou dicindo si isto está ben ou mal, senón que a forma, o fondo de facelo é o que está mal: si hai unha modificación contractual hai que facer o Pleno con anterioridade á execución de todas as modificacións. Aquí temos pagamentos de facturación coa empresa que se modificaron contractualmente sen haber o acordo plenario.”*



3. Por outra banda, indica que *“o informe que se trae da empresa é de xaneiro de 2005 e estamos en xaneiro de 2006: houbo tempo máis que suficiente para acordar este asunto e despois facer as modificacións”*.
4. *“Non procede que se nos acuse constantemente de ilegalidade: o noso Grupo o que quere é o mellor, e facer as cousas o máis correctas posibles, e aquí o que se fixo agora é realizar as cousas sen haber un acordo plenario previo”*.
5. Indica que *“fálase da recuperación dos traballadores para o Concello cando eses traballadores sempre pertenceron ao Concello. Ademáis, procedeuse a incrementar a facturación, realizouse un convenio para o pagamento da nómina dos traballadores doutra empresa por importe de 30.000 €, e todo eso fíxose sen unha aprobación plenaria: previamente era a aprobación do Pleno e despois a realización de todas esas variacións.”*
6. Advirte que él no entra en analizar si todo é ou non legal, pero sí na forma de facer as cousas: *“o que procedía era aprobar o acordo plenario e despois realizar as modificacións e aquí fíxose todo ao revés”*.

A seguir, intervén o Concelleiro do Partido Popular, don José Joaquín Gayoso Roca, para contestar á intervención de don Francisco Rodríguez Guerreiro:

1. Indica que hoxe ten nas súas mans os bois cos que ten que arar.
2. Refírese á intervención do voceiro do BNG cando fala que feitos os cálculos oportunos, opina que é beneficioso para o Concello proceder a unha modificación do contrato. Advirte que *“eu non sei se as labores de poda son dúas mil ou dez mil”*. Indica que o concelleiro do Bloque pode chegar á conclusión que sexa: *“certeira ou non, porque é unha conclusión moi persoal”*, e pregunta: *“restando á cantidade correspondente ao pago dos empregados e engadindo as novas funcións que está facendo a empresa desde o mes de xullo, ¿mantense o equilibrio das prestacións?. O básico do contrato é manter o equilibrio.”*
3. Sinala que don Francisco Rodríguez fala de ser un equipo de goberno responsable, e advirte *“que neste asunto tamén ten que haber responsabilidade”*. Apunta que no informe de Secretaría indícase textualmente, ao final da primeira folla, o seguinte: *“Del contenido de la solicitud (da solicitude feita pola empresa) anteriormente reseñada resulta: 1. Que desde el mes de julio de 2005 el Ayuntamiento y la empresa CESP A S.A., sin que conste adopción de acuerdo plenario, se han acogido a las nuevas condiciones que se proponen.”* Advirte que aquí cometeuse unha ilegalidade e que non se deu mostras de un goberno responsable.

Ademáis do sinalado, apunta que neste asunto partiúse dun escrito presentado pola propia empresa concesionaria (*“non dunha proposta asinada polo propio alcalde, como debería ser o correcto”*). Indica que non hai proposta de Alcaldía e partiuse dun asunto que non pasou pola correspondente Comisión Informativa para dictame e que non se elevou éste para un posterior acordo plenario. Sinala que nada se fixo co correspondente orde e rigor, como se hai que facer as cousas e invirtiuse todo o proceso da tramitación correcta: *“modificouse o prezo do contrato sen acordo plenario”*.



Intervén o concelleiro do PSG-PSOE, don Rafael Fernández Amor, para indicar que César Aja fixo á advertencia de ilegalidade na Comisión de Facenda, cando se tratou este asunto, e pregunta donde estivo esa ilegalidade. O voceiro do PP indícalle que *“nos non somos quen para advertir a ilegalidade, senón que presumimos que pode haber unha irregularidade ou ilegalidade no sentido de que o Pleno convocouse antes que a Comisión de Facenda.”*

A seguir, intervén o señor alcalde, para facer as seguintes indicacións ao Grupo Popular:

1. Neste tema non houbo ningún tipo de oscurantismo e o voceiro do Partido Popular participou na Comisión de Facenda e no seu dictame, aínda que non estivese dacordo con él.
2. Non vemos ningún tipo de ilegalidade na votación deste acordo.

Don Francisco Rodríguez precisa:

1. O contrato fala de posibilidade de rescate no artigo 37 do prego de cláusulas administrativas particulares, indicando: *“se o concello procedése a rescata-la concesión, a indemnización ó concesionario calcularase estimando como beneficio para cada un dos anos que faltan para remata-la concesión, excluídas as prórrogas, o promedio dos beneficios netos obtidos nos anos anteriores a aquel en que se produza o rescate, actualizados o tipo de xuro básico do Banco de España”*. Indica que este contrato asinou se o día 26 de decembro de 2000, e pregunta se realmente estamos neste momento en disposición de ir ao rescate, entendendo él persoalmente que non.
2. Por outra banda, fai referencia ao secuestro, que ven regulado no artigo 38 do mesmo texto, dando lectura íntegra ao parágrafo 1.a). Indica que *“ningunha falta grave xustifica neste momento o secuestro da concesión”*.
3. Sinala que ve correcta a modificación do contrato desde o momento en que se pode recuperar o persoal do Concello: *“simplemente por iso, esta modificación véxoa correcta e con maior motivo se ademáis se van a facer uns servizos que antes non se facían e se limpa mellor: estase poñendo un pouco de orde a aquilo que antes estaba daquela maneira”*.

A seguir, intervén o voceiro de EU:

1. Dirixíndose a don Francisco Rodríguez, indica: *“Eu simplemente me referín á vontade de recuperar o servizo, simplemente a eso: unhas veces conseguírase e outras non, pero eu non vín por parte do equipo de goberno esa intención”*.
2. Indica tamén que na mañá do día de hoxe preguntoulle ao señor Interventor se había algunha ilegalidade na modificación deste Contrato, *“xa que se hai ilegalidade o seu Grupo non se abstería, senón que votaría en contra”*. Indica que a resposta de don Fidel García Martul foi a de que *“non había ningunha ilegalidade”*.



**Non se producen outras intervencións, e a Corporación Municipal somete este asunto á consideración do Pleno, producíndose unha dobre votación:**

- 1. Na primeira, emítense oito votos favorables (PSG-PSOE e BNG), oito en contra (PP) e unha abstención (EU), producíndose o empate do acordo.**
- 2. Na segunda, repítese o mesmo resultado de empate, dicidindo o voto favorable de calidade do señor alcalde.**

**E o Pleno da Corporación, acorda:**

- 1. Aprobar a modificación do contrato da concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza dos espazos públicos no termo municipal de Viveiro, suscrito coa empresa *INUSA INGENIERÍA URBANA S.A.*, agora *CESPA S.A.*, de conformidade coas condicións que figuran na solicitude obrante no expediente.**
- 2. Dar traslado do acordo ao Servizo de Contratación do Concello, para a redacción do correspondente texto de contrato, segundo o escrito presentado pola empresa *CESPA S.A.*, con rexistro de entrada núm. 5755, condicionamentos que deberán ir en consonancia coas advertencias reflectidas nos informes de Secretaría e Intervención municipal, obrantes no expediente.**

**Dése traslado do acordo ao representante da empresa *CESPA S.A.***

---

O Secretario Accidental deste Pleno, desexa deixar constancia nesta acta do escrito presentado pola empresa *CESPA S.A.*, así como dos informes emitidos en relación a este expediente:

**Escrito presentado polo representante da empresa *CESPA S.A.*, con rexistro de entrada núm. 5755, de 28 de decembro de 2005.**

“Francisco Javier Gallego Useros, maior de idade, con DNI núm. 03.441.816 G, en nome e representación de *CESPA S.A.*, empresa concesionaria de los servicios de recogida y transporte de residuos sólidos urbanos y limpieza de los espacios públicos en el término municipal de Viveiro, con domicilio a efectos de notificaciones en Calle prolongación Severo Ochoa s/n, Polígono de A Grela Bens / 15008 A Coruña,

**EXPONE:**

Que a partir del día 1 de julio de 2005 el personal del Ayuntamiento cesó en la empresa e iniciaron los siguientes trabajos que pertenecían a la concesión:

- Recogida de muebles y enseres.
- Recogida de poda.
- Limpieza y desbroce de hierbas en aceras y calzadas.



Ese mesmo día, la empresa contrató a personal para seguir realizando las actividades objeto de la concesión y, además, realizándose las siguientes actividades que amplían la oferta inicial:

- Recogida diaria de residuos sólidos urbanos, es decir, incluidos domingos y festivos, en las zonas más representativas de Viveiro.
- Vaciado de los camiones de recogida de los domingos y festivos al día siguiente de la misma.
- Refuerzo de barrido mecánico con un operario los domingos y festivos en casco urbano de Viveiro, que se ve incrementado en verano.
- Limpieza de mantenimiento con un operario los domingos y festivos en casco urbano de Viveiro, que se incrementa en los meses de verano.
- Refuerzo de baldeo mecánico de aceras.
- Recogida de los contenedores de papel y cartón de superficie.
- Recogida de los contenedores de vidrio de superficie.

#### SOLICITA:

Se siga aplicando el canon actual, con las correspondientes revisiones de precios pendientes de actualizar, incluyendo COMO MEJORA la recogida de los contenedores amarillos de envases, en el caso de que se rescinda el contrato con la actual concesionaria.

Por otra parte, se informa que la empresa se compromete a iniciar la construcción de la nave que figura en la oferta, por importe de 120.202,42 €(20.000.000 de pesetas), a principios del año 2006, en las instalaciones del Mercado ganadero, una vez que el Ayuntamiento otorgue la licencia, para lo que se SOLICITA la exención del 90% del importe de la licencia de obra, al ser una obra de interés general (se adjunta copia de la posible ubicación).”

-----

### **Informe do señor Interventor Municipal, don Fidel García Martul, de 4 de decembro de 2005.**

“INFORME DE INTERVENCIÓN A LA MODIFICACIÓN DEL CONTRATO DE LA BASURA

#### **Régimen jurídico**

- Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas 2/2000.
- Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas 1098/2001.
- Ley de Bases de Régimen Local 7/1985.

#### **Hechos**

Prestaciones debidas por el concesionario:

- 1) Limpieza viaria
- 2) Recogida de residuos sólidos urbanos

#### **C) Recollidas especiais**

Nos meses de verán, navidades, Semana Santa e Antroido, habilítase un servizo especial de recollida nas zonas máis importantes de Viveiro e Covas.

Os domingos feriadados, faise recollida na Praza maior e na explanada de FEVE.

Os días de mercado, faise unha recollida especial en Celeiro.

No verán, a periodicidade reflectida neste anexo vese intensificada con ocasión das festividade das distintas parroquias, en particular San Roque e Naseiro.



Con fecha 1 de julio de 2005, se dice en el escrito del concesionario que se recuperó personal municipal que trabajaba en la empresa para la realización de trabajos que pertenecían a la concesión:

- Recogida de muebles y enseres.
- Recogida de podas.
- Limpieza y desbroce de hierbas.

En el mismo día, se dice que por la concesionaria, que amplía la oferta inicial de las actividades recogidas inicialmente en el contrato.

Mediante escrito fechado en La Coruña, el día 23 de diciembre de 2005, escrito del que no consta que se haya presentado en el Registro municipal y que está sin firmar en la fotocopia que se me facilita, se solicita que *“Se siga aplicando el canon actual, con las correspondientes revisiones de precios pendientes de actualizar, incluyendo como mejora la recogida de los contenedores amarillos de envases, en el caso de que se rescinda el contrato con la actual concesionaria, aportando los ingresos obtenidos de los envases a las fiestas municipales de Viveiro”*.

También informa de la voluntad de cumplir con el contrato en lo que se refiere a la construcción de una nave en las instalaciones del Mercado Ganadero, para lo que solicita la exención del 90% del importe de la licencia de obra *“al ser una obra de interés general”*.

En otro escrito fechado el día 23 de diciembre de 2005, el representante de la empresa solicita la actualización del canon de dicha concesión *“con las revisiones de las anualidades pendientes de revisar y que fueron presentadas en el Registro del Ayuntamiento así como el abono de los atrasos correspondientes”*.

Las consignaciones previstas en el Presupuesto del año 2004, y en el Presupuesto prorrogado durante el 2005, son las recogidas en anexo.

Con fecha de 28 de diciembre de 2005 tuvo entrada en el registro municipal escrito de la empresa CESP, la copia de este escrito se facilitó a la Intervención municipal el día 4 de enero de 2006. Su contenido tiene algunas variaciones, porque no se aporta solicitud de actualización de los cánones y del abono de los atrasos correspondientes y sí se aporta plano del emplazamiento para la construcción de una nave a la que ya venía obligado el concesionario desde la firma del contrato.

En documentación, que según la Alcaldía está en poder de la Intervención desde el mes de febrero, se recogen los siguientes datos:

Oferta para la gestión indirecta de los servicios públicos de recogida y transporte de residuos sólidos urbanos y limpieza de espacios públicos en el término municipal de Viveiro, de enero de 2005.

- Se recoge un apartado para costes de personal. El coste total anual es de 264.514,47 €
- Aportación del Ayuntamiento al Convenio, por una cuantía de 30.000 €
- Oferta base inicial adjudicada en 2001 de 507.695,36 €
- Servicios a eliminar de la oferta base inicial, adjudicada en 2001, por un valor de 2.211,95 €
- Ampliaciones a la oferta base inicial, adjudicada en 2001, por un valor de 47.997,33 €
- Oferta resultante a precios de 2004, por una cuantía total de 501.462,97 €
- Oferta resultante a precios de 2005, por una cuantía de 514.529,16 €

En el escrito, la concesionaria dice que modificó el contrato, sin que conste en el expediente examinado por Intervención que se hubiese aprobado tal modificación por el órgano de contratación competente, el Pleno. De no acreditarse la existencia de tal acuerdo del Pleno, el Ayuntamiento no parece que debiese estar obligado a pagar por la realización de tales actividades. Aquí podría aplicarse la teoría del enriquecimiento injusto, pero deberían valorarse las circunstancias del caso concreto con más detenimiento.



Se solicita por la empresa la modificación del contrato, para incluir la recogida de los contenedores amarillos de envases. A cambio, el concesionario se compromete, según informa el Alcalde al Pleno, a aportar unos 24.000 € anuales al Ayuntamiento. Una cuantificación de esta aportación debe recogerse por escrito, para que haya una seguridad jurídica en la determinación de las obligaciones que asume el concesionario con la modificación. La propuesta de modificación del contrato, para que pueda ser estimada por el Pleno, debe venir suscrita por el alcalde, porque se entiende, salvo que se aporte Decreto de Delegación de competencias al expediente visto por Intervención, que no delegó sus competencias de dirección del servicio de contratación municipal en un Concejal Delegado.

Se menciona también en el escrito del concesionario, su compromiso de iniciar la construcción de una nave; nave que según informa el Alcalde ya estaba prevista su construcción en el contrato firmado con la empresa, por lo que podría proceder la sanción de la concesionaria. Sobre la posibilidad de sancionar a la empresa por este motivo, me remito al informe jurídico de la Secretaría municipal o servicio de contratación municipal.

La solicitud de exención “del 90% del importe de la licencia de obra, al ser una obra de interés general” es incorrecta, porque en la normativa en vigor se establece esa bonificación a efectos de la exigencia del ICIO y no de la tasa por la obtención de la licencia urbanística. En todo caso, la solicitud debe presentarse por el Registro municipal y acompañar informe o memoria motivadora del especial interés o utilidad municipal. Es importante recoger el contenido literal del artículo 103.2 del TRLRHL 2/2004, que textualmente dice:

2. *Las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto:*

- a) *Una bonificación de hasta el 95 por 100 a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo, que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.*

A la vista del contenido mencionado, debe exigirse la existencia de un expediente específico para conceder tal bonificación. En todo caso, debe justificarse la existencia de tales circunstancias de tal manera que no haya una discriminación con la construcción de otras naves o almacenes en el término municipal. Una vez acreditada alguna de las circunstancias mencionadas, el Pleno deberá conceder o no la bonificación. Debería pedirse a la concesionaria la justificación de la existencia de alguna de esas circunstancias, de la forma más detallada posible, sin que puedan admitirse razones genéricas transplantables a la construcción de cualquier nave en el municipio.

La construcción de la nave requiere de Proyecto de Obra que debe ser aprobado por el órgano de contratación, el Pleno.

Según la documentación y consultas realizadas a personas que intervinieron en la tramitación del contrato original, entre las razones que fundamentaron la adjudicación de la concesión a INUSA, se encontraba la construcción de la nave mencionada en el término municipal, sin especificarse que fuese en terrenos del Ayuntamiento. La cesión de este terreno, al menos debe suponer un menor canon que deba pagar el Ayuntamiento o el incremento o mejora de los servicios de la empresa sin un aumento proporcional del precio del contrato. Sería conveniente que desde los servicios de urbanismo municipales se calculase el valor de los terrenos que se cederían para poder calcular el beneficio que obtendría la empresa de esa cesión y tenerlo en cuenta en la determinación del canon que debe pagar el Ayuntamiento. Lo anterior no impide que se deba cumplir con un principio general de colaboración con el concesionario, para que éste pueda realizar su labor en beneficio del municipio.

Del segundo escrito que presenta el concesionario, debe volverse a mencionar la irregularidad de que la propuesta a considerar por el Ayuntamiento no se haya presentado por el Registro municipal y no esté firmada (en la fotocopia que se me facilita no se percibe ninguna firma).

En el Pliego de cláusulas administrativas particulares, que está en poder de esta Intervención, se dice que para la revisión de precios habrá que acudir el artículo 31. Allí se dice que la empresa deberá presentar un estudio donde se acredite la necesidad de revisar el precio. El Ayuntamiento podrá aceptar o rechazar de forma expresa la revisión. La resolución del Ayuntamiento debe ser motivada. La forma de revisión está detallada en el artículo 31 del Pliego y, como documento contractual, obliga a las partes.



No consta en Intervención que se haya solicitado anteriormente la actualización. De esto debe informar el servicio de contratación. Si la empresa concesionaria presentó esas solicitudes y se le denegó de forma expresa la actualización, lo que procedía, en su caso, era la impugnación de ese acto administrativo. No consta en Intervención esa impugnación. Es la Secretaría municipal y el servicio de contratación los que tienen que informar sobre la existencia de esas solicitudes y posibles impugnaciones.

De no haber impugnado la empresa el rechazo o inactividad del Ayuntamiento a la actualización de las tarifas, lo que podría estar mostrando es que la empresa no la consideraba necesaria por mantenerse el equilibrio económico del contrato, sin la revisión del canon.

En la propuesta que presenta la empresa se debe recoger también a precios del 2006, pudiendo mencionarse en el acuerdo de modificación que tenga efectos a 1 de enero de 2006.

El coste actual en concepto de canon de la empresa es de 521.197,23 €. El coste en el año 2004 fue de 514.728,20 €. Antes del día 1 de julio de 2005 una parte se compensaba con el concepto 39907 del presupuesto de ingresos (Ingresos gestión recogida de basura y limpieza viaria). La previsión por este ingreso era en el 2004 de 247.996,18 €. Lo liquidado en el 2005, es de 74.686,75 € de acuerdo con los datos facilitados por la Tesorería municipal. Lo recaudado en el 2004, fue de 161.626,48 €. Por la propuesta de la empresa parece que el Ayuntamiento perderá esos ingresos y, además de mantener el canon actual, se va a actualizar éste.

Para justificar el mantenimiento del canon se dice que se aumentan los servicios prestados a precios del 2001, con un coste de 47.997,33 € y, además, si se le adjudica el contrato de recogida de los contenedores amarillos de envases, se compromete a aportar los ingresos obtenidos. Sobre la posibilidad de que pueda encomendarse a esta empresa la recogida de los contenedores amarillos de envases, a través de una modificación del contrato, me remito al informe de la Secretaría Municipal o asesoría jurídica, pero hay una serie de aspectos que debemos mencionar: en el Pliego de Prescripciones Técnicas no se menciona expresamente el servicio de recogida de envases de los contenedores amarillos, sólo se hace referencia a la recogida de residuos domiciliarios y de otros productos similares, por lo que en caso de resolución del contrato para la recogida de los contenedores amarillos parece posible que se modificase el contrato o fuese objeto de nueva adjudicación la recogida de los contenedores amarillos.

En relación con las tablas fechadas en enero de 2005, debe mencionarse lo siguiente:

- 1) La conveniencia de que la empresa aporte actualizados estos datos para el ejercicio 2006.
- 2) La conveniencia de que todas estas tablas se presentasen por el Registro municipal y firmadas como compromiso de la corrección de sus datos.
- 3) En una primera tabla se recoge la oferta inicial adjudicada a precios de 2001. El precio total para el Ayuntamiento es de 507.695,36 € suma de los costos totales, el beneficio industrial y el IVA.
- 4) En una siguiente tabla se especifica que servicios se solicitan eliminar de la oferta inicial. Se entiende que es a precios de 2001. Lo que deducen de la oferta inicial es de 2.211,95 €. Para llegar a esta cifra se restan los costes de ejecución de esos servicios y el IVA deducido por los gastos de personal del Ayuntamiento. Pero se observa un cálculo incorrecto en la columna del 7% de IVA, que debe aplicarse sobre el total del precio para el Ayuntamiento, y no sólo sobre la columna de total de costes. Estas observaciones ya son tenidas en cuenta en el concepto total de la oferta.
- 5) A la vista de las tablas aportadas por la empresa debe destacarse que en la tabla que recoge la oferta inicial de la empresa, a precios del 2001, sin la deducción del IVA del personal del Ayuntamiento, es de 510.581,08 €

En la tabla que contiene los servicios de la oferta a eliminar, la valoración es de 2.211,95 €

En la tabla que contiene la ampliación de la oferta base, se valora el aumento de la oferta en 47.997,33 €

Debe volverse a repetir que todos estos datos los debería aportar la empresa a precios del 2006 y detallando cuáles son las magnitudes previas para el cálculo de costes. La comprobación de estos datos necesitaría de la colaboración de un economista contratado al efecto, por no contar el Ayuntamiento con uno.

Sobre otros aspectos jurídicos que se mencionen en el informe de Secretaría no me puedo pronunciar en el momento actual. Viveiro, 4 de diciembre de 2005. El interventor.”

-----



## **Informe da Secretaría do Concello, dona Sara Martínez Álvarez, de 9 de xaneiro de 2006.**

“Que se emite a la propuesta de la Alcaldía, sobre modificación de determinadas condiciones del contrato de Concesión de servicio público de recogida y transporte de residuos sólidos urbanos y limpieza de los espacios públicos en el término municipal de Viveiro, suscrito con la entonces denominada INUSA, *Ingeniería Urbana S.A.*, ahora CESPA S.A.

### HECHOS:

Por la Alcaldía se propuso hace tiempo la modificación del contrato citado, asunto conocido por la Corporación municipal por haberse dictaminado en sesión de Comisión Informativa e incluido en diversas convocatorias del Pleno sin que hasta la fecha, por los motivos que figuran transcritos en las correspondientes Actas, se haya adoptado acuerdo de aprobación de esta propuesta.

En fecha 28 de diciembre, la empresa concesionaria CESPA S.A., presenta escrito a nombre de Francisco Javier Gallego Useros, que dice actuar en nombre y representación de la citada, en el que dice que a partir del día 1 de julio de 2005 el personal del Ayuntamiento, que prestaba sus servicios en la concesionaria, cesó en la empresa e iniciaron los siguientes trabajos que pertenecían a la concesión: Recogida de muebles y enseres / Recogida de poda / Limpieza y desbroce de hierbas en aceras y calzadas, indicándose que la concesionaria contrató personal para seguir realizando las actividades objeto de la concesión y además, vienen realizando otras que no figuraban en el objeto de aquella, tales como:

- Recogida diaria de residuos sólidos urbanos, es decir, incluidos domingos y festivos, en las zonas más representativas de Viveiro.
- Vaciado de los camiones de recogida de los domingos y festivos al día siguiente de la misma.
- Refuerzo de barrido mecánico con un operario los domingos y festivos en casco urbano de Viveiro, que se ve incrementado en verano.
- Limpieza de mantenimiento con un operario los domingos y festivos en el casco urbano de Viveiro, que se incrementa en los meses de verano.
- Refuerzo de baldeo mecánico de aceras.
- Recogida de los contenedores de papel y cartón de superficie.
- Recogida de los contenedores de vidrio de superficie.

Por todo esto, solicita que se siga aplicando el canon actual, con las correspondientes revisiones de precios pendientes de actualizar, incluyendo como mejora la recogida de contenedores amarillos de envases, si se rescinde el contrato con la que está prestando dicho servicio y comprometiéndose a iniciar la construcción de la nave que figuraba en la oferta, por importe de 120.202,42 €(20.000.000 pesetas), a principios del año 2006.

El contrato objeto de la pretendida modificación fue adjudicado a INUSA, Ingeniería Urbana S.A., por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el día 24 de noviembre de 2000, suscribiéndose por las partes el preceptivo contrato, en fecha 26 de diciembre del mismo año, así como los pliegos de cláusulas administrativas particulares, de prescripciones técnicas y anexos I al V.

Del contenido de la solicitud anteriormente reseñada, resulta:

2. Que desde el mes de julio de 2005, el Ayuntamiento y la empresa CESPA S.A. sin que conste adopción de acuerdo plenario, se han acogido a las nuevas condiciones que se proponen.
3. Que como consecuencia de éstas, resultarían modificadas diversas estipulaciones y Anexos de dicho contrato de concesión:

### 1. PERSONAL

Con igual canon, se estipula que el personal funcionario y laboral del Ayuntamiento adscrito, deja de prestar el servicio y, por tanto, el concesionario deja de abonar los costes de ese personal; lo que modifica claramente el contrato suscrito en la siguiente: “Estipulación 2. Precio do Contrato:



*“El precio del contrato es la cantidad de ochenta y cuatro millones cuatrocientas setenta y tres mil cuatrocientas una pesetas (84.473.401 pesetas, 507.695,36 €) al año ... y los costes de personal municipal adscrito al servicio”.*

En primer lugar, nos referiremos a la estipulación 8, de la que sería necesario suprimir los apartados 2 y 3 referidos todos ellos al personal; toda vez que el del Ayuntamiento cesa de prestar los servicios a que se refería el Contrato. Igualmente, sería preciso eliminar el Anexo 1 que contiene la relación nominativa de dicho personal funcionario y laboral.

El punto 1 de la citada estipulación 8, hace constar: *“El cuadro de personal contratado, incluido el subrogado, equivaldrá, por lo menos, a 17,88 personas”.* Por lo que, de acordarse por el Pleno la modificación propuesta, aún eliminando la mención al personal subrogado, la empresa concesionaria deberá acreditar ante este Ayuntamiento que dispone al menos de ese número de contratados; ya que en la solicitud presentada no se menciona modificación del contrato en ese aspecto. Asimismo, de conformidad con el punto 5 de la citada estipulación, la empresa concesionaria debe presentar en el Ayuntamiento los TC1 y TC2 del personal adscrito a los servicios.

## 2. TRABAJOS

Como el propio concesionario reconoce en la solicitud y, sin que medie acuerdo plenario al respecto, se han dejado de prestar trabajos pertenecientes a la concesión; realizándose otras actividades que dice -amplían la oferta inicial-, lo que implicaría la modificación del contrato en: Anexo III A) ZONAS URBANAS, en los puntos 3 y 5, debiendo concretar las zonas a que se refiere, cuando dice más representativas y ANEXO IV 1) APARTADO a).

No es objeto de análisis por la que informa, el compromiso de inicio de construcción y solicitud de exención del importe de la licencia de la Nave a que alude en el escrito *-in fine-* el concesionario; ya que la obligación es firme y adquirida por éste a la suscripción del contrato el 26 de diciembre de 2000, por lo que la mera formulación de esa voluntad no ha lugar en la interesada modificación de este contrato de concesión, como tampoco la pretendida exención -mejor dicho bonificación- cuya tramitación no forma parte de este expediente, ni el preceptivo informe corresponde a este Servicio.

## LEGISLACIÓN APLICABLE

Lo dispuesto en el artículo 11.1, del Pliego de cláusulas particulares del Contrato:

*“A Corporación concedente ostentará, sen prerxuício das demais que segundo Dereito lle correspondan, as potestades seguintes:*

1. *Ordenar discrecionalmente, como podería dispoñer se xestionara directamente o servicio, as modificacións neste que aconselle o interese público e, entroutras:*

a) *A variación na calidade, cantidade, tempo o lugar de prestación do servicio.”*

Lo que establece la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, en la redacción dada por la Ley 11/1999, de modificación de la anteriormente citada, en el artículo:

22.2. *“Corresponden, en todo caso, al Pleno las siguientes atribuciones (...) n): “Las contrataciones y concesiones de toda clase, cuando su importe supere el diez por ciento de los recursos ordinarios ...”*

Al corresponder al Pleno de la Corporación la adjudicación del Contrato, le es atribuida la competencia para la modificación del mismo.

Por lo que respecta a la ley de contratos de las Administraciones Públicas, entre otros, contempla en sus artículos 130 y 156 el contrato de concesión de servicios públicos; estableciendo en cuanto a su modificación:



En el artículo 163.1, que *“La Administración podrá modificar, por razones de interés público, las características del servicio contratado y las tarifas que han de ser abonadas por los usuarios.*

2. *Cuando las modificaciones afecten al régimen financiero del contrato, la Administración deberá compensar al contratista de manera que se mantenga el equilibrio de los supuestos económicos que fueron considerados como básicos en la adjudicación del contrato.*
3. *En el caso de que los acuerdos que dicte la Administración respecto al desarrollo del servicio carezcan de trascendencia económica, el contratista no tendrá derecho a indemnización por razón de los mismos”.*

A la vista de los antecedentes examinados, no podemos afirmar que las modificaciones del contrato que se proponen carezcan de trascendencia económica, ya que suponen para el Ayuntamiento la asunción del canon estipulado en el contrato en vigor, aunque sin resta de los costes del personal municipal que estaba adscrito al servicio, contrariamente a lo que dispone la Estipulación 8.3 del Contrato: *“Os custes do persoal pertencente ao Concello serán asumidos pola entidade adxudicataria, mediante a deducción do seu importe nas certificacións trimestrais a percibir por esta”.*

Además, el Ayuntamiento se hace cargo de algunos de los servicios incluidos en la concesión, tales como: la recogida de muebles, la de poda y la limpieza de hierbas en aceras y calzadas.

En compensación, el concesionario se limita a ampliar la oferta inicial con las actividades que señala en su escrito y que se reseñan al inicio del presente.

Como quiera, que a la informante no le compete la realización de los estudios económicos o la comprobación de los que se aportan, al objeto de constatar que con las modificaciones propuestas se mantiene el equilibrio económico del contrato adjudicado el 24 de noviembre de 2000, es por lo que no se detiene en el análisis de éstos aspectos.

En otro orden de cuestiones, podría resultar conveniente revisar los Anexos II y V del contrato, por si fuera necesario incluir datos tales como nuevos espacios públicos, parque móvil afecto al servicio o cualesquiera otros que sea necesario actualizar.

Por todo lo expuesto, salvo mejor criterio, por la que informa se considera:

1. Que el Ayuntamiento tiene potestad para efectuar modificaciones en cuanto a calidad, cantidad o tiempo de prestación del servicio objeto de la Concesión.
2. Que el Pleno de la Corporación, por ser el que acordó la aprobación del expediente y la adjudicación del Contrato, es el órgano que tiene atribuida la competencia para la aprobación de la modificación de este contrato de concesión.
3. Que se ha de constatar documentalmente, mediante los correspondientes cálculos económicos, que con las modificaciones propuestas se mantiene el equilibrio económico del contrato.
4. Que la empresa concesionaria deberá acreditar ante el Ayuntamiento, que el personal contratado para el Servicio equivale al menos a 17,88 personas.
5. Que la empresa concesionaria deberá presentar en el Ayuntamiento los TC1 y TC2 del personal adscrito a los servicios, con el fin de verificar el cumplimiento de las obligaciones en materia de Seguridad Social.”

---

2. **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO PAGAMENTO DA ADQUISICIÓN DA PARCELA SITUADA XUNTO AO CONVENTO DE SAN FRANCISCO.**

O señor alcalde indica que consta no expediente deste Pleno a moción da alcaldía, de 17 de xaneiro de 2006, na que se xustifica o contido desta operación, así como informe o Interventor Municipal de 17 de xaneiro de 2006. Explica que trátase de propor ao Pleno unha modificación de crédito para a adquisición da parcela que está situada no actual espazo público de San Francisco e que pertence a familia Pérez-Abadín Mariño e Pérez-Abadín Barro.



Esta propiedade ten unha superficie aproximada de 220 metros cadrados e linda: norte, este e oeste, resto da finca matriz, e sur, hermanos Couceiro Insua. Esta finca está inscrita no Rexistro da Propiedade no folio 217 do tomo 789, libro 309, finca 31756 e forma parte da que figura no catastro coa referencia 34.56.5.13.

Don Melchor Roel sinala que esta propiedade resultaba edificable, según consta nun convenio asinado entre a devandita familia e o Concello, onde se outorgaban unhas alturas de B+2+BC. Así mesmo, indica que negociouse cos propietarios a súa compravenda, advertindo que o Concello debe estar agradecido desta familia xa que mantiveron nesta xestión os mesmos prezos dos terreos que venderan á empresa MAHÍA INMOBILIARIA.

O alcalde comenta que o prezo total de compra ascende á cantidade de 99.167 € dos que corresponden 450,76 €/m<sup>2</sup>. Sinala que estase tramitando unha modificación do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro, para que este terreo nunca sexa edificable.

A seguir, indica que a modificación ven a consistir en retirar das partida 123.226 de *gastos correntes diversos/exercizos/recoñecemento extraxudicial* e dotar a esta partida para o abono da finca.

O primeiro Tenente Alcalde, don Francisco Lois Rodríguez Guerreiro, solicita a supresión, no final do parágrafo 3 da Moción da Alcaldía, da frase que indica “*Este precio es al que lo valoró la Inmobiliaria Mahía*”. O voceiro do BNG indica “*que parece que estamos pagando na actualidade unha valoración que nos fixo Mahía para pagar a estas familias e non é así. Ao contrario, estámoslles pagando co prezo que esta Inmobiliaria lles comprou no seu día*”.

O alcalde cede a palabra ao Partido Popular.

O seu voceiro, don César Aja Mariño, fíxase nos seguintes aspectos:

- O seu Grupo vota en falla unha valoración económica realizada por un técnico: “*este terreno non tiña os accesos dos outros terreos comprados por Mahía*”.
- Por outra banda, indica que “*non se deberían modificar ás condicións urbanísticas do terreo ata que se levase a cabo a execución da compra*”. Tamén indica que “*en todo caso, nosoutros non queremos prexudicar aos propietarios, pero agradeceríamos que houbera un informe técnico de valoración, porque se transferimos esa valoración a outros terreos que se compraron nas mesmas condicións urbanísticas por Corporacións anteriores, o resultado de prezos serían moi distintos e non se nos criticaría por elo*”.
- Apunta que “*gustaríanos que neste expediente constanse, ademáis do informe do Interventor, un informe de Secretaría e un informe técnico de valoración.*”
- Sinala que “*gustaríanos que se nos indicase a que orzamento se aplica esa partida, xa que non se indica a que exercizo corresponde*”. Tamén solicita “*alomenos, unha certificación para saber a que corresponden os “gastos correntes diversos de exercizos de recoñecemento extraxudicial”.*”



- Indica que o señor Interventor, informoulle verbalmente de que correspondía ao orzamento prorrogado do ano 2004, pero sinala que non ten constancia de nada, xa que descoñece *“en que partida orzamentaria do ano 2004 está asignada esa cantidade e cal foi o seu destino: para que foi ou para que non foi.”*

O señor Interventor municipal, don Fidel García Martul, sinala que *“corresponde ao orzamento prorrogado do ano 2004, que continúa vixente no ano 2006”*. Explica que no ano 2005 non se aprobou o orzamento, polo que, obrigatoriamente, a normativa pertence prorrogalo nos exercizos que sexan necesarios se non hai orzamento definitivo. Tamén indica que *“esa partida ven do ano 2004 e ten carácter xenérico, e que corresponde a gastos correntes”*.

A seguir, don César Aja pide informe de Intervención por escrito.

Don Melchor Roel sinala que *“o equipo de goberno propuxo que esa parcela non fora edificable, pero aínda non se aprobou definitivamente a modificación puntual do PEPRI, polo que no momento de aprobar o prezo na opción de compra, no documento posterior de opción de compra e neste momento, todavía ese terreo segue sendo edificable”*. Engade que, solo cando se aprrobe definitivamente a modificación puntual do PEPRI, deixará de selo.

Intervén o voceiro do BNG, don Francisco Rodríguez, comentando que o equipo de goberno veu unha boa posibilidade na ampliación da zona verde de San Francisco, mediante a compra desa parcela, así como de eliminar parte do muro do atrio da Igrexa, para dar acceso a esa zona. Engade que *“neste momento esa finca podería comprarse por calquera constructora para construír, polo que se preguntamos a calquera inmobiliaria polo seu prezo actual, probablemente nos darían un importe moito maior do que se vai a pagar”*. Remata sinalando que *“entendo que non estivo nada mal a xestión que se fixo, porque pagouse o mesmo prezo que se pagou polas outras fincas fai anos”*.

Novamente intervén o señor Interventor Municipal, para facer as seguintes precisións:

- Indica que o que se trae a este Pleno é a aprobación da modificación orzamentaria, xa que a aprobación dese gasto corresponde á Xunta de Goberno, dada a cuantía do ben en cuestión. Sinala que tería competencia o Pleno si fose un gasto superior ao 20% dos recursos correntes do Concello.
- Apunta que, *“de tódolos xeitos, o Concello conta con uns técnicos para que fagan o informe de valoración, pero entendo que este terreo edificable, pola zona na que se atopa, non ten un prezo de compra desmesurado”*.
- Advirte que o informe de valoración é necesario para efectos de contabilidade *“xa que deberá constar na Intervención Municipal”*, ao que o señor alcalde engade que *“ese informe fará falla o día que a Xunta de Goberno aprrobe a compra, pero non hoxe”*.

Don César Aja, dirixíndose ao señor Interventor Municipal, sinala que o apartado número 3 do seu informe indica textualmente *“facultar al Alcalde para la firma de cuantos documentos sean necesarios para la ejecución del presente acuerdo”* e advirte: *“y me dice usted que va a venir el técnico después a valorar ¿y si valora menos que ocurre?, ¿quién paga la diferencia?; el informe tiene que realizarse antes, nunca después.”*



O concelleiro de EU, don Orlando Expósito, felicita ao equipo de goberno pola compra deste terreo, mostrando a súa postura a favor deste asunto. Tamén indica que sería un agravio imperdonable para unha Corporación que se permitira construír nesa parcela.

Don Francisco Rodríguez precisa que neste Pleno non se está a aprobar a compra deste terreo, senón da modificación orzamentaria para facer fronte a ese pagamento, polo que engade que *“no seu momento teremos que aportar os documentos que sexan necesarios, pero o que está claro é que hai un informe favorable de Intervención e que se vai expoñer ao público polo prazo de quince días”*.

Intervén don Guillermo Leal Arias, para preguntar si a partida que estamos empregando para esta modificación, deixa vacía a que se destinaría para outro investimento: *“o que non queremos e que se desvista un Santo para vestir outro.”*

O señor Interventor Municipal resposta que se trata dunha partida xenérica, e que non deixa desnudo ningún outro investimento.

Finalmente, don Orlando Expósito preguntalle ao señor Interventor si é necesario ir a unha operación de Tesourería, ao que éste respóstalle que non.

**Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, con nove votos favorables (PSG-PSOE, BNG e EU) e oitro abstencións (PP), acorda:**

- 1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2006, correspondente a créditos extraordinarios ou suplementos de créditos, co seguinte desglose:**

Partida gastos	Descrición	Importe	Partida financiación	Descrición
432.600	Urbanismo e arquitectura. Adquisición de terreo en San Francisco. Investimentos novos en terreos	99.167 €	123.226	Gastos correntes diversos Exercizos Recoñecemento extraxudicial

- 2. Expoñer ao público o citado expediente polo prazo de 15 días, contados desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que consideren pertinentes, considerando definitivamente aprobado se durante o mesmo non chegaran a presentarse reclamacións.**
- 3. Facultad ao señor Alcalde para a firma de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.**

Dése traslado deste acordo ás familias Pérez-Abadín Mariño e Pérez-Abadín Barro, así como ao Departamento de Intervención.



### **3. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

O concelleiro de Deportes, don José Antonio Goas Basanta, indica que este Regulamento foi dictaminado favorablemente, por unanimidade, pola *Comisión Informativa de Benestar Social*, na sesión do martes, dezasete de xaneiro de dous mil seis. Indica que este texto trata de fomentar o deporte a través das chamadas Escolas Deportivas, que queren ser un conxunto de medios humanos e materiais para a realización de actividades de ensinanza deportiva nos seus aspectos técnicos e tácticos.

A seguir, fai referencia a diversos aspectos recollidos no texto regulador:

- Ao parágrafo segundo, do artigo 3, onde se indica que *“Todos os monitores que impartan as clases estarán debidamente cualificados, coas titulacións correspondentes, e terán relación contractual co Concello”*.
- Igualmente fai referencia ao periodo de inscrición, indicando que farase a partir do 15 de setembro de cada ano no Pavillón Municipal de Deportes. Indica que darase publicidade previamente do periodo de inscrición e dos horarios das escolas, advertindo que éstes poderán variarse en función da demanda existente.
- Seguidamente, apunta que no artigo 7, despois de relacionar as escolas, engadeuse o párrafo *“e outras que poideran xurdir pola demanda existente”*, con fin de dar cabida nun futuro a outras actividades que poideran desenvolverse.
- Apunta que o financiamento será con cargo ás partidas orzamentarias habilitadas no Orzamento do Concello e das cotas a que fai referencia a Ordenanza Municipal núm. 23.

O señor alcalde cede a palabra ao Partido Popular.

Por parte deste Grupo prodúcense as seguintes intervencións:

- A don concelleiro don José Joaquín Gayoso Roca, preguntando pola consignación existente para esta actividade, respondendo o señor Interventor Municipal que está reflectida na partida 452.22709, reservando unha cantidade de 27.646 €
- A do Concelleiro don Antonio José Bouza Rodil, mostrando o interese do seu grupo para que estas actividades se poidan levar a cabo e a preocupación por que esté cuberto o financiamento realmente necesario. Roga ao Departamento de Intervención a emisión dun informe no que se reflecta a partida existente.

A súa intervención responde don Fidel García Martul, sinalando que a aprobación do novo orzamento prevese para un breve prazo, aínda que sinala que *“no seu caso, dependerá das decisións que adopte o equipo de goberno”*. Da razón ao indicado polo señor concelleiro, aínda que precisa que a consignación prevista pode ser suficiente ata a aprobación do novo orzamento, no que se destinará a cantidade adecuada para este fin.



- Don César Aja pregunta se está consignada a cantidade indicada, sinalando o señor Interventor Municipal en sentido afirmativo, aínda que indica que “*tereí que comprobar que se trata de créditos iniciais*”. O señor alcalde indica que este non é o tema que se trae a este Pleno, senón a aprobación do Regulamento.

Don Orlando Expósito expón que a consignación reservada para esta actividade é un pouco aleatoria, xa que é unha aportación valorada en función das circunstancias actuais, pero hai que ter en conta que pode ampliarse con novas actividades deportivas, polo que non se debería barallar un prezo fixo, senón variable en función das actividades que se vaian realizando e o número de rapaces que participen.

O Concelleiro de Deportes respóndelle que se tratará, en principio, dunha contratación por horas, “*polo que consideramos que para empezar esa aportación sexa suficiente.*”

O señor alcalde sinala que neste momento estamos aprobando exclusivamente o regulamento e non a consignación orzamentaria. Advirte que o importante agora é aprobación deste texto, no que queda claro o tema da relación contractual e da cualificación, aspectos ambos que veñen reflectidos no parágrafo segundo do artigo 3. Por outra banda, indica que estas actividades comenzarán a realizarse partir do mes de setembro, polo que sinala que para esa data xa estará consignado o financiamento realmente necesario. Don Melchor Roel conclúe sinalando que prevé que a aportación da que se dispón sexa suficiente ata ese momento.

**Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), o que supón a maioría absoluta do número legal destes, acorda aprobar o texto do *Regulamento das Escolas Deportivas Municipais*, que, literalmente transcrito, indica:**

#### **“REGULAMENTO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

##### **1. ¿Qué son as Escolas Deportivas Municipais?**

Son Escolas Deportivas o conxunto de medios humanos e materiais que teñen como finalidade a realización de actividades de ensinanza deportiva nos seus aspectos técnicos e fundamentais tácticos, na súa etapa de iniciación.

O deporte de base vai dirixido á educación integral, ao desenvolvemento armónico da personalidade e á consecución dunhas condicións físicas e dunha formación que posibiliten a práctica continuada en idades posteriores.

##### **2. Características**

- As Escolas Deportivas están orientadas á educación integral do neno/a e ao desenvolvemento da súa personalidade.
- Teñen como obxectivo fomentar o comportamento lúdico e a relación social, así como a adquisición de valores e aptitudes para a persoa.
- Supoñen un esforzo por mellorar a saúde e a condición física dos participantes.
- Prímase a polideportividade sobre a especialización precoz.



As Escolas Deportivas Municipais non participarán en ningunha competición federada, so nas competicións escolares, nas modalidades deportivas que éstas abranguen; aqueles alumnos que o desexen poderán federarse a través de clubs deportivos, declinando a Concellería de Deportes e o Concello de Viveiro calquera responsabilidade derivada desta circunstancia.

As Escolas Deportivas Municipais ofrecen unha actividade dinámica, divertida e programada, e mostran as vantaxes dun estilo de vida san.

### **3. Os monitores**

Os monitores, ademáis de ensinar a base do traballo técnico, preocuparase por adaptar as súas ensinanzas ao desenvolvemento de cada neno/a.

Todos os monitores que impartan as clases estarán debidamente cualificados, coas titulacións correspondentes, e terán relación contractual co Concello.

### **4. Duración da actividade**

A actividade das Escolas Deportivas Municipais desenvolverase durante o tempo que dure o curso escolar.

Ofertarase, asemade, a posibilidade do seu funcionamento no verán, sempre e cando existise unha demanda suficiente.

### **5. O seguro**

Todos os nenos/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais, estarán cubertos por un seguro de accidentes.

O seguro so cubrirá aqueles accidentes que teñan lugar durante a práctica deportiva das Escolas Deportivas Municipais.

### **6. Inscripción**

As inscrición faranse a partir do 15 de setembro de cada ano.

O lugar de inscrición será no Pavillón municipal, ou no lugar que se publicitará oportunamente.

### **7. Oferta de Escolas Deportivas Municipais.**

O ámbito fundamental das Escolas Deportivas Municipais e a práctica deportiva en idade escolar no Concello de Viveiro, nas idades comprendidas entre os 7 e os 15 anos.



As Escolas Deportivas Municipais divídense en:

- Escolas Deportivas en instalacións deportivas municipais. Abranguen as Escolas Deportivas existentes no Concello: tenis, atletismo, duatlón, triatlón, badminton, baloncesto, natación e outras que poideran xurdir pola demanda existente.
- Escolas Deportivas Municipais en Centros Escolares. Facilitarase a práctica deportiva en Centros Escolares para aqueles nenos/as máis xoves, evitando así o desprazamento ás instalacións deportivas municipais. Programaranse actividades deportivas de iniciación ao multideporte, au ben de iniciación a algún dos deportes dos cales existan Escolas Deportivas Municipais. Estas Escolas Deportivas desenrolaranse en función da demanda existente.

## 8. Ubicación das Escolas Deportivas Municipais

Levaranse a cabo nas instalacións deportivas municipais que, polas súas características técnicas propias de cada modalidade, sexan as máis axeitadas para a práctica deportiva.

## 9. Cotas

Segundo o disposto no artigo 9 da Ordenanza Municipal núm. 23 deste Concello, vixente en cada momento.

## 10. Financiamento

Será con cargo ás partidas presupuestarias habilitadas no Orzamento do Concello de Viveiro e das cotas a que fai referencia a Ordenanza Municipal núm. 23 (art. 9).

Este financiamento será tanto para o pago de monitores contratados ao efecto, coma para dotar as Escolas Deportivas Municipais de medios materiais e de equipamento.”

Dése traslado deste acordo ao Concelleiro de Deportes, don José Antonio Goás Basanta.

## 4. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA.

Don Francisco Rodríguez Guerreiro indica que este Regulamento foi dictaminado favorablemente por todos os concelleiros integrantes da Comisión Informativa de Benestar Social, na sesión do martes dezasete de xaneiro de dous mil seis, e explica que se trata dun texto elaborado con base na normativa vixente da Xunta. Tamén sinala que, ata o momento, o centro de atención á primeira infancia non contaba con ningún tipo de normativa reguladora municipal.

**Non se producen outras intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), o que representa a maioría absoluta, acorda aprobar o Regulamento do Réxime Interno do Centro de Atención á Primeira Infancia de Viveiro, cuxo texto, literalmente transcrito, dí:**



## “PROXECTO DO REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO DO CENTRO DE ATENCIÓN A PRIMEIRA INFANCIA DE VIVEIRO

### Capítulo I

#### Obxecto e ámbito de aplicación

##### *Artigo 1º*

O presente regulamento ten por obxecto establece-la organización e funcionamento do centro de atención á primeira infancia de Viveiro e promove-la participación nel de tódalas persoas implicadas; a aplicación do presente regulamento será responsabilidade da dirección do centro.

##### *Artigo 2º*

Constitúe o ámbito de aplicación da presente norma o centro de atención á primeira infancia de Viveiro que se configura como equipamento diurno dirixido á poboación infantil de 3 meses a 3 anos cumpridos antes do 31 de decembro.

##### *Artigo 3º*

O centro de atención á primeira infancia de Viveiro cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionando ós seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos/as.

Este centro cooperará estreitamente cos pais, titores ou representantes legais co fin de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral e conseguí-la mellor integración entre o centro e as familias.

### Capítulo II

#### Procedemento de ingreso

##### *Artigo 4º CAPACIDADE*

A capacidade da gardería municipal terá un máximo de 100 usuarios. Esta capacidade poderá ser revisada e variada en función das posibles reformas posteriores que afecten ó Centro.

##### *Artigo 5º*

Poderán solicitar praza no centro de atención á primeira infancia de Viveiro os nenos/as con idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos.

No momento do seu ingreso, abríraselles un expediente persoal no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

O centro terá a disposición dos usuarios, dos seus representantes legais ou de calquer persoa que acredite un interés lexítimo un libro de reclamacións a efectos de que no mesmo se fagan constar cantas queixas poidan derivarse da situación e funcionamento do centro e das actuacións do persoal.

As familias con nenos e nenas xa matriculados na Gardería Infantil, que desexen renovar praza deberan cubri-la folla de reserva de praza e presenta-la na Gardería entre o 1 e o 20 de marzo.

##### *Artigo 6º*

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será de 1 o 30 de abril de cada ano.

Documentación que se presentará coa solicitude:

- Fotocopia do Libro de Familia.
- Declaración de Ingresos da Unidade Familiar correspondentes ó último exercicio fiscal vencido.
- Certificado de convivencia expedido polo Concello .
- Certificado médico do menor e carnet de vacinación actualizado.
- Outra documentación a ter en conta pola dirección do centro.

En todo caso os nenos/as tutelados pola Xunta de Galicia serán admitidos no centro con carácter preferente.



*Artigo 7º*

Unha vez rematados os prazos de presentación de solicitudes o centro publicará a relación definitiva de admitidos, así como as vacantes existentes ou a lista de espera en caso de existir máis demanda.

*Artigo 8º PAGO DAS TARIFAS*

**O pago das tarifas será mensual e deberan abona-las nos cinco primeiros días de cada mes.**

A inasistencia do usuario durante un periodo determinado non supón redución algunha nin exención da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

*Artigo 9º BAIXAS*

Causaran baixas na Gardería Infantil por algunha das circunstancias seguintes:

- Por solicitude dos pais ou representantes legais.
- Por impago da cuota establecida durante 2 meses consecutivos ou 3 alternos, calquera que sexa o curso escolar ó que se refire a deuda.
- Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos aportados.
- Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- Por falta de asistencia continuada durante 1 mes sen falta xustificada.

**As baixas producidas durante o curso escolar por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas solicitudes da lista de espera.**

**Capítulo III  
Obxectivos dos centros**

*Artigo 10º*

1. Son obxectivos específicos deste centro:

- Promover e fomenta-lo desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a.
- Facilita-la conciliación entre a vida familiar e laboral.
- Facilita-lo desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.
- Respecta-la singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilita-la integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias.
- Facilita-la adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilita-la integración dos nenos con necesidades educativas especiais.

2. Estes obxectivos deberán ser desenvolvidos no proxecto educativo que elaborará o centro.

**Capítulo IV  
Horario de apertura dos centros**

*Artigo 11º*

**O centro de atención á primeira infancia de Viveiro permanecerá aberto 12 meses ó ano, co fin de adapta-lo seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais ou representantes polo tanto deberá permacer aberto cinco días a semana durante todo o ano agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, e aqueles nos que concurra causa xustificada logo de autorización da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.**

A Gardería permanecerá aberta de luns a venres de 7,30 a 20 horas.

Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurará no taboleiro de anuncios do centro.



## Capítulo V Horarios de permanencia dos nenos/as

### Artigo 12º

1. O horario máximo de permanencia dos nenos/as no centro será con carácter xeral de oito horas diarias, agás causas excepcionais, e convenientemente xustificadas, a valorar pola Dirección do Centro.

2. Sempre que as circunstancias familiares dun neno/a o obriguen a permanecer no centro máis das oito horas estipuladas, fomentárase que os pais, tutores ou representantes legais se fagan cargo do neno/a ó longo da xornada no tempo que disponían libre, co fin de fomenta-las relacións paterno-filiais.

### Artigo 13º

1. O horario de entrada-saída dos nenos/as no centro caracterizarase pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias procurarán respectalos. En caso de retrasos inxustificados e reiterados, a dirección do centro a adoptara as medidas oportunas.

2. Ó remate da xornada os nenos/as serán entregados ós seus pais, tutores ou representantes legais. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do centro para entrega-lo neno/a a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada.

### Artigo 14º

A organización do horario terá a natural flexibilidade que esixan as características psicopedagóxicas e sociais dos nenos/as. Teranse en conta as posibilidades de mantemento da atención ós nenos/as nas diferentes situacións e actividades que se organicen.

### Artigo 15º

1. Cada grupo de nenos/as terá un responsable que formará parte do equipo técnico do centro, participará na elaboración, a execución e a avaliación dos programas individuais e colectivos que se establezan para o desenvolvemento da personalidade dos nenos/as, e terá a responsabilidade do grupo asignado. Os responsables de grupo materán relacións cos pais, tutores ou representantes legais dos nenos/as asignados ó seu grupo e, de se-lo caso, supervisarán o persoal en prácticas que teñan asignado.

2. A asignación dos responsables para os diferentes grupos faraa a dirección do centro, logo de consulta ó equipo técnico. A dita asignación farase de acordo cos criterios establecidos no proxecto educativo do centro, procurando que o responsable do grupo asuma o mesmo grupo de nenos/as de anos anteriores.

## Capítulo VI Relacións cos pais, tutores ou representantes legais

### Artigo 16º

1. A relación cos pais, tutores ou representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada pola dirección do centro, ten como principais obxectivos:

- O intercambio de criterios educativos.
- Trasmisión mutua de información sobre actitudes e comportamento dos nenos/as.
- Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

2. Trala consulta co equipo técnico do centro, a dirección poñerá en coñecemento dos pais, tutores ou representantes legais de cada neno/a unha información sobre a súa evolución integral que terá carácter semestral e que se realizará en documento normalizado.

### Artigo 17º

Co fin de garanti-la necesaria cooperación cos pais, tutores ou representantes legais dos nenos/as, realizaranse reunións xerais e de grupo, segundo a natureza dos temas que se van tratar que terán lugar nas dependencias do centro, logo da convocatoria por escrito. A periodicidade destas será a seguinte:

- Dúas reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.

En todo caso, a dirección do centro informará por escrito ó principio do curso dos horarios de atención e información ós pais, tutores ou representantes legais dos nenos/as.



## Capítulo VII Normas de saúde, hixiene e nutrición

### Artigo 18º

1. Os nenos/as deberán acudir ó centro de atención á primeira infancia en condicións correctas de saúde e hixiene.
2. Non serán admitidos no centro os nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, titores ou representantes legais á dirección do centro.
3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarase á dirección deste, e avisaranse os seus pais, representantes legais ou titores, co fin de evita-la propagación da enfermidade entre os demais nenos/as. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio.
4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións in situ e, á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurarase que o neno/a reciba a atención médica axeitada.
5. Cando se produza a falta de asistencia ó centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais, titores ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

### Artigo 19º

1. O centro publicará no taboleiro de anuncios e/ou facilitará ós pais unha relación quincenal dos menús previstos, os cales procurarán proporcionar unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade.
2. O centro prestará un especial coidado en atende-los casos nos que o neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.

## Capítulo VIII Promoción da integración

### Artigo 20º

1. O centro promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais, sempre e cando conte cos recursos materiais e humanos necesarios.

## Capítulo IX Estructura do persoal do centro

### Artigo 21º

O centro de atención á primeira infancia obxecto deste regulamento dispoñerá da seguinte estrutura organizativa:

1. Dirección.
2. Equipo técnico.
3. Persoal de atención directa ós nenos/as.
4. Persoal de servizos.

### Artigo 22º

O director/a responsabilizarase da organización e das actuacións técnicas de conformidade cos obxectivos do centro e das directrices da entidade titular.

### Artigo 23º

1. O equipo técnico constitúese como un grupo de traballo a través do cal o persoal de atención directa a nenos/as participa do proxecto integral do centro. Este equipo estará integrado polo director/a, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa a nenos/as.
2. Son competencias propias do equipo técnico:
  - Elabora-lo proxecto educativo e o proxecto curricular do centro, e proceder á súa modificación en caso necesario.
  - Fixa-los criterios para o seguimento e avaliación destes documentos.
  - Establecer criterios xerais ós que deben adaptarse as programacións de cada un dos grupos de idade.
  - Elabora-la memoria anual do centro.
  - Deseñar actividades que esixan coordinación entre os distintos grupos de idade.
  - Programar actividades cos pais dos nenos/as.
  - Elabora-lo proxecto de regulamento de réxime interior de cada centro.



*Artigo 24º*

1. O persoal de atención directa a nenos/as será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo, así como as que lle encomende a dirección do centro.

2. Este persoal estará integrado por mestres e técnicos especialistas en xardín de infancia.

*Artigo 25º*

O persoal de servizos xerais está integrado polo persoal de cociña e limpeza.

O persoal de cociña e limpeza realizará as funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo así como as que lle encomende a dirección do centro.

## **Capítulo X**

### **Asociación de pais e nais**

*Artigo 26º*

A asociación de pais e nais é o órgano de participación na vida do centro. A súa constitución e funcionamento fomentárase por parte da dirección.

*Artigo 27º*

1. Sen prexuízo do que establezan os seus propios estatutos, a asociación promoverá os seguintes fins:

a) Defende-los dereitos dos pais/nais, titores ou representantes legais no relativo á prestación de servizos ós nenos/as.

b) Colaborar coa dirección e co persoal do centro para favorece-lo desenvolvemento integral da poboación atendida en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación dos servizos.

2. Para o desempeño destes fins a dirección do centro prestará á asociación de pais e nais canta información relativa ó funcionamento do centro lle sexa requirida polos órganos de representación desta.

*Artigo 28º*

A asociación de pais e nais poderá celebra-las súas reunións nos locais do centro cando teñan por obxecto os seus fins propios e non perturbe o desenvolvemento normal das actividades. Para tal efecto, bastará a simple comunicación á dirección do centro da convocatoria da reunión con, polo menos, 78 horas de antelación.

*Artigo 29º*

Para garanti-la axeitada participación dos pais serán de aplicación xeral as seguintes normas:

1. Ó comezo do curso, a dirección do centro informará os órganos de representación da asociación dos programas e actividades que se desenvolverán, da normativa establecida en relación co centro e cantos aspectos poidan resultar do seu interese.

Os pais, titores e representantes legais terán dereito a solicitar canta información precisen sobre a atención recibida polos nenos/as.

## **Capítulo XI**

### **A linguaxe**

*Artigo 30º*

A lingua utilizada en cada grupo será a lingua materna predominante entre os nenos/as que forman parte del, e coidarase que adquiran o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. Atenderase de xeito individualizado a aqueles nenos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

## **Capítulo XII**

### **Fomento da igualdade dos nenos e nenas**

*Artigo 31º*

1. O centro programará actividades para promove- la igualdade entre os nenos/as e evita-los comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo. Ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.

2. O centro poñerá especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumentos de traballo. Así mesmo vixiarán que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.

3. Así mesmo o centro prestará especial atención ó fomento da interculturalidade como instrumento de superación de desigualdades, inxustizas, prexuízos e racismo.



### Capítulo XIII Dos dereitos e obrigas dos usuarios

#### *Artigo 32º DEREITO DOS USUARIOS*

Os usuarios do centro terán dereito a:

- Recibir un trato igualitario sin distinción nin discriminación algunha, así como ó respecto a súa integridade e saúde.
- Confidencialidade profesional sobre os seus datos sociais e respecto a intimidade da persoa.
- Recibir trato individualizado.
- Ser informados das medidas adoptadas que lles afecten.
- Utiliza-las instalacións e o material de centro.

#### *Artigo 32º OBRIGAS DOS USUARIOS*

**Os usuarios do centro teñen as seguintes obrigas:**

- Cumprir as normas que se establezan sobre a utilización do centro.
- Rexirse por unha conducta inspirada no respecto, tolerancia e colaboración encamiñada á acadar unha mellor convivencia.
- Actuar de forma solidaria.
- Aportar as contías establecidas nas tarifas.
- Respetar á dignidade e as funcións do persoal do centro.
- Respetar e coidar os recursos materiais postos a súa disposición polo centro.

#### **Disposicions adicionais**

##### PRIMEIRA

O Concello de Viveiro, como entidade titular do centro, ostentará a dirección, o control e a inspección do mesmo; sen perxuício das facultades inspectoras que correspondan á Vicepresidencia da Iguladade e do Benestar.

##### SEGUNDA

A entidade titular do centro, poderá modificar o presente regulamento de réxime interno sempre que existan causas obxectivas que así o aconsellen dando conta á Vicepresidencia da Iguladade e do Benestar.

##### TERCEIRA

En todo o non previsto neste regulamento o centro rexirase pola vixente normativa da Vicepresidencia da Iguladade e do Benestar. e por calquera outra que lle sexa de aplicación.”

Dése traslado deste acordo ao Departamento de Servizos Sociais para a súa tramitación.

#### **5. APROBACIÓN DA PROPOSTA RELATIVA AO ESPAZO PÚBLICO ADICADO A DON LOIS TOBIO.**

Don Francisco Rodríguez Guerreiro explica que este asunto foi dictaminado favorablemente por todos os grupos municipais, na Comisión Informativa de Benestar Social, do dezasete de xaneiro de dous mil seis, no sentido de denominar ao novo parque público que se realizou fronte á fachada principal dos Claustros de San Francisco, enriba da da “*Fonte de Area*”, como “*Cantiño de Lois Tobío*”.



Sinala que este nomeamento serve para lembrar a don Loís Tobío no Centenario do seu nacemento, que se cumprirá o doce de xuño de dous mil seis. Indica que a súa casa estaba situada nesta mesma zona, onde puxo escola o seu pai, don Luís Tobío Campos.

A seguir, o señor concelleiro explica que a proposta que se fixo na Comisión Informativa estivo consensuada por todos os asistentes e que *“eu suxerín o nome de Cantiño porque é a praza que queda mesmo enriba da fonte de Area e que chegaría ata o adro da Igrexa”*. Sinala que *“despois teríamos que darlle nome ao espazo que se sitúa fronte á urbanización dos novos edifizos”*.

Por outra banda, indica que un tema pendente da Comisión Informativa de Benestar Social é o de realizar unha revisión xeral aos espazos públicos municipais, co fin de dar nome a aquelas rúas e prazas que non o teñan, así como de resolver problemas de numeración que existen en diversos lugares do Concello.

**Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), o que supón a maioría absoluta do número legal destes, acorda nomear como “Cantiño de Luís Tobío” ao novo espazo público que se sitúa mesmo enriba da “Fonte de Area”, e que comprende todo o fronte da fachada oeste do Convento de San Francisco.**

Dése traslado deste acordo ao Concelleiro de Cultura, don Francisco Loís Rodríguez Guerreiro, e a Animadora Socio-Cultural, dona Rosario Basanta Gabeiras, así como á Funcionaria encargada do Inventario de Bens Municipais, dona María del Carmen Vale González.

## **6. DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA**

Debido á extensión nos diferentes asuntos desta sesión e, tendo en conta que todavía queda por tratar o apartado de *rogos e preguntas*, o señor alcalde propón que sexa trasladada a *dación de conta de Decretos de Alcaldía* para un próximo Pleno, sendo aceptada a súa petición por unanimidade dos membros presentes (dezasete).

## **7. ROGOS E PREGUNTAS.**

Neste apartado prodúcense as seguintes intervencións:

### **7.1. Preguntas por escrito do Partido Popular.**

O señor alcalde indica que dará contestación a diversas preguntas que ten por escrito, solicitadas polo Partido Popular, e que son as seguintes:

- A pregunta relativa ao número de licenzas de obras maiores e menores solicitadas, as pagadas e as que están pendentes de resolver. O señor alcalde indica que o vindeiro día



venticatro de xaneiro, *“levarase a cabo a reunión da Comisión Técnica e de Urbanismo, onde se entregará ao Grupo Popular a relación solicitada”*.

- A pregunta relativa a que se facilite copia do escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, solicitando informe sobre a construción dunha edificación dentro no contorno de protección do Pazo de Grallal, segundo figura na Xunta de Goberno Local de vinte e seis de setembro de dous mil cinco, (punto 2.14). O señor alcalde indica que se van a dar as instrucións para que se facilite ao Grupo Popular o documento solicitado a maior brevidade posible.
- As preguntas plantexadas no escrito con rexistro de entrada 139/2006, de 12 de xaneiro, relativas ao buque pesqueiro *“A Pomba”*, que son as seguintes:
  - *“¿Se ha realizado alguna negociación con los propietarios de la embarcación A Pomba para la adquisición de la misma?”*. O señor alcalde confirma que se realizaron e que chegou a un acordo para a cesión da embarcación. Sinala que había outro concello cercano que tamén estaba interesado nesta embarcación.
  - *“Si se ha llegado a un acuerdo de compra, ¿cuál ha sido el precio de la mencionada adquisición?”*. O señor alcalde indica que do barco non hai acordo de compra, pero si das máquinas e do instrumental, que teñen un valor aproximado de cinco millóns de pesetas.
  - *“Está pagada dicha compra?. En caso contrario, ¿cuándo se prevé pagarla?”*. Don Melchor Roel indica que a embarcación non está pagada, xa que se trata dun acordo de cesión. Sinala que esta cesión hai que agradecerlla aos seus propietarios, pero tamén de que a cederan ao Concello de Viveiro e non ao outro concello que estaba interesado. No que respecta ao pago das máquinas e do instrumental, o señor alcalde indica que *“temos unha situación xerada polo propio Concello, xa que inicialmente fixéronse os trámites de cesión do barco para colocalo en terra”*. Sinala que esta tramitación completouse, e agora estamos autorizados para a colocación en terra. Tamén indica que *“cando xurdíu a posibilidade de compra da maquinaria e do instrumental, pensamos que, en lugar de colocalo en terra, era mellor deixalo na mar para utilizalo como buque-museo”*. Sinala que nese momento tivemos que iniciar toda a tramitación.
  - *“Si no existe ningún tipo de acuerdo o compromiso, ¿cuáles son los motivos por los que está atracada a un pantalán del puerto deportivo?”*. O señor alcalde indica que está atracada no porto deportivo porque *“existen unha secuencia de compromisos e, ata que se resolvan, ten que estar nesa situación”*.
  - *“¿Tiene en vigor la embarcación A Pomba los seguros correspondientes o, por el contrario, carece de ellos?. En caso de siniestro ¿quién sería responsable: los propietarios o el Ayuntamiento?”*. Don Melchor Roel sinala que *“ao estar atracada dentro da zona que TurViveiro ten dada de alta, contamos que non haxa ningún tipo de siniestro, porque non se fai ningún uso dela”*. Tamén indica que os propietarios están a facer un mantemento de tipo gratuído da embarcación, pero estamos a espera



de que chegen os documentos para facer a escritura e pago do material que queda por adquirir. Recalca que o tema do barco é unha cesión que se vai asinar en moi breve prazo.

En relación a este asunto, don César Aja suxire que non estaría de máis facer un seguro para o barco, opinando que *“non sería un custo elevado e que sería unha medida de seguridade ante calquera problema que poidera xurdir”*.

O señor alcalde indica que *“o problema sería a titularidade de quen fai o seguro, xa que os armadores non poden e o Concello tampouco, e TurViveiro, ao estar nas súas instalacións, ten o seu propio seguro”*. Engade que propón ao presidente de TurViveiro, don Rafael Fernández Amor, que incorpore ao seu seguro esa embarcación *“en concepto de en proceso de trámite”*, xa que indica que non se pode neste momento poñer a súa titularidade a nome de ningunha sociedade, xa que dos propietarios xa deixou de ser, de pesca non é e do Concello non será ata que se legalicen todos os documentos de titularidade.

- Igualmente o señor alcalde fai referencia a outras peticións escritas do Partido Popular, relativas ás solicitudes de copia da relación de gastos do mes, copia de documento de opción de compra de finca, copia do escrito do Real Clube Deportivo da Coruña, etc. sinalando que daránse as instrucións necesarias para dar as informacións solicitadas.

## 7.2. Preguntas realizadas na Sala por don César Aja

- Sinala que *“o pasado 10 de xullo de 2005 os medios de comunicación acusaban a un obreiro municipal de ter substraída unha balaustrada, ademáis dunha mesa e un banco, e que ademáis de denunciálo en Comisaría, abríuselle un expediente por falta moi grave que pode desembocar en despido”*. Continúa indicando que *“ese tipo de informacións poden sentenciar e prexudicar a esa persoa, sen ter feitas todas as averiguacións previas e sen que haxa unha sentenza xudicial firme.”* Don César Aja pregunta en que situación se atopa este expediente e se se va a comunicar aos diferentes Grupos municipais a resolución. Don Melchor Roel indica que *“foi a propia Policía Local a que localizou a barandilla e, en función dese feito, iniciouse o expediente, pero preguntarei ao instructor en que situación se atopa éste, xa que corresponde a él o coñecemento da tramitación”*.
- Así mesmo, o voceiro do PP, sinala que *“o día 10 de febreiro de 2004, por parte do Grupo Popular municipal, procedíase á pregunta sobre a entrega das instalacións do camping, no sentido de indicar se se entregaran ao Concello ou, polo contrario, seguían disfrutando delas os antigos precaristas.”* Don César Aja indica que *“esta pregunta foi contestada no Pleno de 3 de marzo de 2004 do seguinte xeito: o señor alcalde expón que os antigos precaristas seguen a facelo mantemento das instalacións, sen explotación das mesmas, e que están dispostos a deixalo cando se lles riquira, e que o Concello nestes momentos dispón de moi pouco persoal para destinalo ao mantemento desas instalacións.”* Don César Aja engade que esta afirmación é de dudosa claridad, posto que os precaristas cobraron os servizos que dispensou o alcalde.



Tamén indica que *“posteriormente, no Pleno de 25 de marzo de 2004, dabase conta no punto 7.1 (Asuntos urxentes: funcionamento do Campig de Covas), que “Por todo isto, es por lo que el Grupo de Gobierno consideraría conveniente permitir el uso de esas instalaciones en los días de Semana Santa, ya que aún no se efectuó el citado requerimiento que se realizará cuando la Corporación lo estime conveniente, ponderando tanto las circunstancias descritas anteriormente, como los intereses generales del Ayuntamiento”.*

Don César Aja indica que despois de casi dous anos que transcurriron desde a dación de conta do devandito acordo, o seu Grupo ve que a situación segue exactamente igual *“e eso que vostede, en máis dunha ocasión, manifestou que ningún se pode beneficiar dun ben público para uso particular”.* E engade: *“por ese motivo, formulamos a vostede a seguinte pregunta: ten previsto o señor alcalde, nalgún momento, poñer fin a esta situación ilegal ¿cando?”*

Don Melchor Roel sinala que non quere falar de memoria e que revisará como está este tema para contestarlle por escrito no próximo Pleno.

### 7.3. Preguntas realizadas na Sala por don Orlando Expósito

- Indica que desexa propor ao Pleno a mellora dunhos terreos que xa se están a destinar a aparcamento, para que se atopen nas mellores condicións de uso, debido á carencia deste espazo nas zonas urbanas do Concello:
  - Sinala que existe unha parcela en Lodeiro, situada na esquina que forman a Avda. Ramón Canosa coa Rúa Lodeiro, xunto ao Servizo de Correos. Solicita que, aínda que sexa de forma provisional, se busque adecentar esa parcela e se lle de viabilidade para poder aparcarse ben.
  - Tamén indica que outra zona, que está en lamentable situación, é a que se sitúa entre a Estación de Autobuses e o mar.

Don Orlando Expósito explica que nestas zonas, cando chove, convértense en verdadeiros charcos de auga.

O señor alcalde indica que a parcela de Lodeiro foi municipal e que foi cedida ao Instituto Nacional da Seguridade Social, polo que habería que realizar a xestión ante a Dirección Xeral da Tesourería da Seguridade Social. Tamén sinala que o concello achegou un escrito a este organismo, cunha oferta dun local en Viveiro para instalación do CAISS, e solicitándolles a reversión ao Concello da parcela de Lodeiro para poder ubicar nela a Policía Autonómica, no caso de ter a sorte de que finalmente se instale esta en Viveiro.

Don Orlando Expósito indica que neste momento xa se está aparcando na parcela, e solicita que simplemente se bachee e se acondicione o solo para que a auga non apoce. O señor alcalde respóndelle que intentará realizar este acondicionamento.



- Tamén, don Orlando Expósito, expón que se realizaron diversos bacheos en diversas zonas do Concello, *“xa que se atopaban en situación calamitosa”*, como por exemplo na Avda. de Ferrol, indicando que volve atoparse nun lamentable estado, cando fai un mes escaso que foi acondicionada. Pregunta pola calidade do material co que se bachea para que aguante tan pouco. Tamén indica que o treito de inicio da rúa Alonso Pérez está pendente de bachear.

En resposta a esta intervención, don Melchor Roel indica que o equipo de goberno procurará falar coa empresa encargada destas obras.

- O voceiro de EU interérase agora pola situación na que se atopan as obras de saneamento realizadas por COPASA.

Don Melchor Roel sinala que se completaron diversos trámites que se estaban xestionando con Costas e con Medio Ambiente e que se agarda que ao remate do ano estean rematadas as obras da nova Depuradora. Tamén explica outras actuacións que se están realizando *“como a da grande zona de bombeo para evitar que sega vertendo suciedade á rúa e en dous pozos de bombeo (problema de paso e en zona de bombeo en Area)”*. Continúa sinalando que xestionaron a realización doutras actuacións para a creación de pequenas EDAR en Granxas (Vieiro), en Lavandeiras-Cabana (Vieiro), San Pedro e Galdo, e outros núcleos. Sinala que *“estas pequenas EDAR evitarían o bombeo e cruzar todas as estradas.”*

Don Orlando Expósito pregunta se se poderían incluír neses proxectos algúns vertidos que son alarmantes. Cita como exemplo o que se sitúa onde está a Opel e da situación do alcantarillado en Xunqueira. O señor alcalde indica que se terán en conta estes problemas para poder solventalos: *“no caso da Opel cotémpase dentro das actuacións que se farán en Vieiro, e para a zona Xunqueira aprobouse a ampliación para modificar todo o que se fixo no campo fai tres anos e medio.”* Tamén indica que o señor Serantes estará no noso Concello o día 1 de marzo e que se lembrarán estes temas.

- Outra intervención de don Orlando Expósito está referida á colocación de bolardos e zonas reservadas de carga e descarga. Indica que todavía non se colocaron os bolardos no fronte á Residencia Betania e que está dacordo co feito de colocar zona de carga e descarga no treito final da rúa Nicolás Cora, preto da Porta da Vila. Sinala que tamén debería habilitarse en Cantarrana outras zonas para este fin, xa que son moi necesarias, porque hai zonas de movemento importante e non se pode estacionar temporalmente.

O señor alcalde advirte da necesidade de colocar bolardos para evitar o aparcamento na entrada da garaxe que se sitúa xunto a Gadis, para lograr á entrada e saída dos vehículos que aparcan no mesmo: *“alí aparcan alomenos cerca de cen coches e, as veces cando queren entras ou saír, non poden”*.

- O voceiro de EU plantexa que na rúa Alonso Pérez, a nivel onde se atopa o túnel de FEVE, derribose maleza e plantacións que alí había, sinalando que parte desta vexetación está colgada, co conseguinte risco de caer á via. Sinala que esta situación pode causar calquera tipo de perigo, polo que roga se comunique a Feve, xa que parte destas plantacións poden



chegar a ter un grande peso, polo que é fácil que se desprendan. Tamén roga que se estude algunha medida para darlle seguridade a esa zona.

- Don Orlando Expósito refírese agora á moción que presentou o seu grupo fai un tempo para a sinalización de varias parroquias do Concello. Indica que cree que algunha destas sinalizacións xa se colocaron en Galdo, pero que baixo o punto de vista do seu grupo non están moi logradas, xa que algunha sinal está indicando a situación contraria da que tería que indicar.

Tamén advirte que ven contradicións entre os nomes reflectidos nas sinais e as indicacións dos lugares no Plan Xeral. Solicita que haxa unha mesma uniformidade nos nomes, unha mesma igualdade, e que se proceda a realizar un estudo comparativo para ver os nomes correctos que procedan: “ *incluso poderíanos asesorar neste tema a mesa pola normalización lingüística.*”

A estas intervencións contesta o señor alcalde, indicando que o nome dos lugares que figuran nas sinalizacións xa se revisaron polas persoas que estudan a normalización lingüística e que outra cousa é que exista equivocación na empresa que trascribiu esos nomes. Tamén indica que realizáronse todas as sinais que solicitaron as diferentes asociacións de veciños, e segundo os nomes que indicaron.

#### **7.4. Pregunta realizada por don Francisco Rodríguez Guerreiro.**

O voceiro do BNG roga ao Concelleiro de Facenda que lle indique a aportación do Camping para as festas de verano do ano 2005.

Don Rafael Fernández Amor contesta que “*é a mesma cantidade que paga ao Concello como concesión, é que ascende a 300.000 pesetas*”.

E sen máis asuntos a tratar, o señor alcalde da por rematada esta sesión, cando son as once horas e dez minutos, estendéndose de todo o tratado esta acta, da que eu, Secretario Accidental, dou fe.